



Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

---

**MD85PRO01**

# Anexo Probas de acceso a outros cursos de Grao Profesional

**Centro: Conservatorio Profesional de Danza**

**Curso: 2023-2024**

## Información básica

### Lexislación

- *Orde do 13 de maio de 2009 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de danza dispostas no Decreto 204/2007, do 11 de outubro.*  
[\(\[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090526/Anuncio202BA\\\_gl.htm\]\(http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090526/Anuncio202BA\_gl.htm\)\)](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090526/Anuncio202BA_gl.htm)
- *DECRETO 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza*  
[\(\[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20071102/Anuncio4292E\\\_gl.pdf\]\(http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20071102/Anuncio4292E\_gl.pdf\)\)](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20071102/Anuncio4292E_gl.pdf)

### Criterios normativos comúns

Poderá accederse a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

### Convocatorias

Poderase acceder a calquera outro curso do grao profesional sen superar os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outro curso do grao profesional estará supeditado á existencia de prazas vacantes nos respectivos cursos.

Segundo a Instrución 7/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2023/24, as probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse **a partir do día 4 de xuño**, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros educativos.

Se un/unha candidato/a opta a máis dunha especialidade, as probas das materias de música, danza galega, acondicionamento físico, anatomía aplicada á danza e historia da danza serán comúns a todas as especialidades.

Os/as candidatos/as que concorran a máis dunha especialidade aboarán as taxas públicas

completas para cada unha delas.

### **Admisión**

Para acceder a calquera curso do grao profesional das ensinanzas de danza será necesario superar unha proba de acceso para valorar a madurez, aptitudes e coñecementos que os/as aspirantes posúan.

Os/as candidatos/as que, matriculados/as nalgún curso do grao profesional, esgotasen a permanencia nese curso e desexen continuar os seus estudos, deberán realizar unha nova proba de acceso, como mínimo, ao curso inmediatamente superior en que esgotaron a permanencia.

O alumnado que abandonase os seus estudos e desexe retomalos deberá, en todo caso, realizar unha nova proba de acceso, cando menos ao curso en que estivese matriculado.

Para os efectos de cómputo dos límites de permanencia nos cursos e no grao, deberán ter en conta os cursos realizados con anterioridade no grao profesional, sen que se poida permanecer máis de tres anos nun curso.

Corresponderalle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización de matriculación un curso máis, segundo o artigo 17.2º do Decreto 204/2007, do 11 de outubro.

En todo caso, o número máximo de probas de acceso ao grao profesional que poderá realizar cada aspirante é de catro: dúas convocatorias ao primeiro curso e outras dúas convocatorias a calquera outro curso que non sexa o primeiro. Para estes efectos, non serán computadas as probas en que se obtivese a puntuación mínima establecida para o acceso.

### **Matrícula**

Os conservatorios e centros autorizados farán públicos os prazos de matrícula, datas de exame e número de postos escolares vacantes coa suficiente antelación.

Os centros publicarán nos taboleiros de anuncios dos centros os contidos e criterios de avaliación das probas, que serán acordes co proxecto educativo de cada centro.

A inscrición na proba de acceso realizarase para a especialidade ou especialidades polas cales se opte.

### **Aspectos comúns**

As probas serán xulgadas por un tribunal constituído para tal efecto por profesorado do centro designado pola dirección.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Tamén deberán amosar ao tribunal o xustificante de matrícula, se este o requirise.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a proba nun único chamamento, e será excluído/a dela quen non compareza, podéndose considerar os casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

### **Adxudicación de prazas**

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba e, de ser igual a avaliación, desempatarase pola puntuación obtida na proba de danza específica da especialidade a que opta.

Os centros poderán establecer unha lista de espera por orde de puntuación acadada co obxecto de cubrir posibles baixas.

A obtención dunha das prazas ofertadas dá dereito a posto escolar para o curso académico no centro en que se realizou a proba de acceso.

O alumnado que unha vez superada a proba nun centro solicítase posto escolar noutro por traslado de matrícula viva, non terá que realizar novamente a proba de acceso no centro de destino. Neste caso o/a alumno/a/a deberá estar matriculado/a no centro de orixe para poder formalizar un traslado de matrícula viva.

### **Avaliacións**

As avaliacións obtidas nestas probas consignaranse nas actas correspondentes, que deberán facerse públicas no taboleiro de anuncios do centro.

A Administración educativa, no exercicio das súas competencias, poderá efectuar un seguimento e supervisión da realización das probas de acceso.

## Procedemento para a reclamación

Co fin de garantir o dereito dos/das aspirantes a que o seu rendemento sexa avaliado conforme criterios obxectivos, o interesado ou interesada ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de cinco días naturais, contra as avaliacións da proba de acceso, cando consideren que a avaliación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- Inadecuación da proba proposta en relación cos contidos establecidos polo centro para esta.
- Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos polo centro segundo consta no artigo 4º desta orde.

No suposto de reclamación contra as avaliacións da proba de acceso, o director ou directora do centro, antes da súa resolución, someteraa ao tribunal correspondente, que poderá ratificarse na avaliación outorgada ou estimar a procedencia de rectificar a avaliación reclamada.

No suposto de que a reclamación sexa desestimada, o interesado ou interesada poderá instar no prazo de dous días hábiles para que a dirección remita o expediente ao departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que, logo do informe do servizo provincial de inspección educativa, ditará a resolución procedente.

Co obxecto de evitar atrasos na resolución das reclamacións que puidesen prexudicar os/as interesados/as, deberán observarse os seguintes prazos:

- O director ou directora deberá resolver a reclamación presentada no prazo de cinco días naturais.
- No caso de ter que enviar o expediente ao departamento territorial, tramitarase no prazo de dous días.
- A xefatura do departamento territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria solicitará o informe do servizo provincial da inspección educativa e resolverá no prazo máximo de 10 días naturais desde a entrada do expediente no departamento territorial. Esta resolución porá fin á vía administrativa para a reclamación de avaliacións.

## 1 Probas de acceso a outros curso de grao profesional

O tribunal de acceso a outros cursos do grao profesional estará constituído por tres profesores/as do centro, sendo cando menos dous deles da especialidade obxecto da proba.

Os exercicios correspondentes ás materias comúns serán iguais para todos os/as aspirantes das distintas especialidades, sempre que se trate do mesmo curso. Non obstante, no caso de ser precisa máis dunha sesión, estes exercicios poderán ser distintos.

Para a valoración do aspirante na materia de paso a dous, cada centro establecerá por medio dos seus correspondentes departamentos de danza o procedemento que considere máis oportuno para tal fin.

O/a aspirante deberá realizar a proba de repertorio de 5º e 6º curso, co vestiario requirido polas coreografías elixida

Os aspirantes deben vir ao centro provisto do seu DNI ou documento acreditativo da súa identidade.

### Acceso ao 2º curso da especialidade de danza clásica

Para acceder ao 2º Curso das ensinanzas profesionais de danza clásica cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>2º GP ESPECIALIDADE DANZA CLÁSICA</b>	
DANZA CLÁSICA	70%
MÚSICA	30% da media aritmética que resulta das tres materias
ACONDICIONAMENTO FÍSICO	
DANZA GALEGA	

## DANZA CLÁSICA

### Contidos

- Na proba poderá pedirse algún contido do curso anterior.
- Realizarase unha barra completa que inclua os seguintes exercicios: souplesses e cambrés con tendu devant e á seconde, - souplesse circular en dehors e en dedans, battement tendu en tournant (  $\frac{1}{4}$  xiro) jetés con pointé, Rond de jambe en l'air en dehors e en dedans, Double fondu a dobre tempo, Grand rond de jambe a  $45^\circ$  en dehors e en dedans, doublé frappé a la second, Pas de bourrée en tournant completo en dehors e en dedans, Developpé e enveloppé ligado (a tendu).
- Realizar un exercicio de tendus no centro que incluan tendus e jetés en tournant ( $\frac{1}{8}$  de xiro)
- Executar un exercicio de adagio que inclua Temp liés saíndo desde o coupé ou o retiré rematando en posición en l'air a  $45^\circ$  devant e a la seconde, Pas de basque en dedans en 4 tempos e en dehors en 2 tempos, promenade en retire (completo), equilibrios en posicións en l'air a  $45^\circ$  a pe plano.
- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e  $\frac{1}{2}$  en dedans dende 5ª posición e dende 4ª posición, e na diagonal, piques en dedans a 2 tempos, soutenus a 2 tempo. Vals ao efface
- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (temps levés en todas as posicións, sobresaut con desprazamento en avant, petit sissone ao coupé seguido dun chasé en cruz, sissone fermé en avant e á second, glissade en avant, assemblé en avant, echappé que cae ao coupé) e técnica inicial de batería (echappés batindo ao cerrar)
- Realizar algún exercicio de puntas na barra que inclúa: relevés en todas as posicións, Soussus, Desde o fondu coupé a relevé 5ª soussus, Coupé devant e derrière ao releve, Echappés á 2ª, Pas de bourrée por soutenu dessus e dessous, Relevés con plié en punta, Pas courrus con e sen desprazamento, Doble echappé, Piqué balloné á second.
- Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns que inclua Pirouette en dehors saíndo dende a 2ª
- Realizar un exercicio específico de saltos da técnica de varóns, que inclua Assemblé soutenu, Soubresaut, Jetés temps levés continuados (2 ou 4), Changement soutenu. Emboités, Echappé e grand echappé

### **Criterios de avaliación:**

Realizar os exercicios dunha barra.

*O alumno/a poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.*

Realizar un exercicio de tendus no centro

*Con este criterio valorarase se o alumno/a realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e coas diferentes direccións*

Executar un exercicio de adagio.

*Con este exercicio comprobarase que o alumno/a interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire, a colocación do corpo, a suxeición da perna portante e a extensión. O promenade sen perder a boa aliñación do corpo.*

Executar algún exercicio de xiro.

*Con este criterio comprobarase que o alumno/a asimilou o equilibrio na pirouette simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Valorarase nos vales que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié para acadar a fluidez no desprazamento e a limpeza dos pés, así como tamén a respiración, a coordinación e a musicalidade do movemento.*

Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos e técnica inicial de batería.

*Con este exercicio, comprobarase que o alumno/a interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.*

Realizar algún exercicio de puntas na barra e no centro.

*Con este criterio, trátase de comprobar que a alumna acadou a correcta colocación do pé na zapatilla de punta, sobre os dous pés e sobre un pé, e a comprensión da colocación dos pés na subida e baixada da punta.*

Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns.

*Comprobarase que o alumno/a mellorou o sentido dinámico do xiro.*

Realizar un exercicio específico de saltos da técnica de varóns.

*Valorarase que o alumno/a acadou maior flexibilidade do plié para a saída e caída do salto.*



## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### Contidos:

Grupos de valoración especial

Equivalencias

Outros compases

Tempo peteneras

Período Barroco,

Danzas típicas do período Barroco,

Formas características do período Barroco,

Elementos de análise

Ictus inicial e final

Cadencias

Outras Escalas. Continuación

Clave de Fa 4a

Notas de adorno

Canto coral

" as 8 contas" de danza.

A xota e a Muiñeira nos instrumentos de percusión

### **Criterios de avaliación:**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Canciós -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos:**

Realizárase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación:**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos:**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación:**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso ao 3º curso da especialidade de danza clásica

Para acceder ao 3º Curso das ensinanzas profesionais de danza clásica cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro e segundo de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>3º GP ESPECIALIDADE DANZA CLÁSICA</b>	
DANZA CLÁSICA	70%
MÚSICA	30% da media aritmética que resulta das cinco materias
ACONDICIONAMENTO FÍSICO	
DANZA GALEGA	
DANZA CONTEMPORÁNEA	
DANZA DE CARÁCTER	

### DANZA CLÁSICA

#### Contidos:

- Na proba poderá pedirse algún contido do curso anterior.
- Realizar unha barra completa que inclua: soupplesse en avant a relevé, degagé lento desde 5ª subindo a relevé e baixando sen plié, battement frappé subindo e baixando do relevé, frappé desde coupé estirado, petit battement serré, ½ flic-flac en dehors e flic- flac completo en dedans, relevés seguidos en attitude diante, relevés seguidos en arabesque, attitude detrás (fronte á barra), dobre rond de jambe en l'air pé plano e grand rond de jambe en relevé en dehors e en dedans.

- Realizar un exercicio de tendus no centro que incluan tendus en tournant en dehors e en dedans.
- Realizar un exercicio de adagio que inclua temp liés (a pe plano), promenades en retiré en dehors e en dedans e developpés en cruz.
- Realizar un exercicio que inclua vals con piruetas simples e dobres en dehors e en dedans.
- Realizar un exercicio de saltos que inclua sobresaut, changement, echappé.
- Realizar un exercicio de batería que inclua royal e entrechat quatre
- Realizar un exercicio de grandes saltos que inclua pas de chat e assemblé porté, sissonne fermé e ouvert en avant e sissone- failli-assemblé.
- Realizar exercicio na diagonal que inclua piqués en dedans e soutenus
- Realizar varios exercicios de puntas, que inclua relevés sobre dúas pernas, echappés e piqués a unha perna.
- Realizar un exercicio de xiros e grandes saltos da técnica de varóns.

### **Criterios de avaliación:**

No exercicios na barra, O alumno/a debe mostrar que asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias

No exercicio de tendus no centro, O alumno/a amosará que executa o battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen perder o eixo.

No exercicio de adagio, o alumno terá un correcto aliñamento do corpo.

No exercicios de vales, valorarase que o alumno/a controla realiza correctamente os xiros simples e coñece a mecánica do xiro dobre. Así mesmo, comprobarase que o alumno/a/a realiza os vales de forma fluída e flexible.

No exercicio de saltos, comprobarase o nivel técnico adquirido polo alumno/a na execución do salto, o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso) ademais da coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés, elevación da pelve e suxeición do torso.

No exercicio de batería, comprobarase a axilidade e coordinación de pés e pernas .

Exercicio de grandes saltos, comprobarase que o alumno/a realiza executa con corrección os entrepasos e realiza os grandes saltos coa amplitude propia deste nivel.

Nos exercicios na diagonal, comprobarase que o alumno/a comprende a dinámica dos xiros continuados e os executa con coordinación

Nos exercicios de Puntas, comprobarase a flexibilidade e suxeición necesarias dos pés dentro da zapatilla de punta.

Nos exercicios de xiros e grandes saltos da técnica de varóns, comprobarase que o alumno/a progresou no sentido dinámico do xiro, valorarase que o alumno/a executa os saltos coa elevación, potencia e axilidade necesarias.

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación.
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### Contidos:

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

Grafas contemporáneas. Claves

Periodo Clásico

Danzas típicas do período Clásico

Formas características do período Clásico

Compases dispaes e de amalgama

Transporte

A música nos distintos períodos, compositores e formas. "as contas" na danza.

Modulación

Música vocal e Instrumental

### **Criterios de avaliación:**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Canciós -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizarase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos

- Traballo teórico práctico das diferentes técnicas e estilos coreográficos de danza contemporánea.
- Exercicios no chan de respiración e relaxación.
- Traballo de sensibilización do peso das distintas partes do corpo.
- Toma de conciencia da aliñamento do corpo e da postura no chan.
- Traballo da mobilidade da columna vertebral e de contracción do torso no chan.
- Traballo de contraccións do torso e da mobilidade da columna e de pé.
- Traballo das posicións do corpo e de transferencia de peso.
- Traballo de flexións, rotacións, extensións e apertura das diferentes partes do corpo.
- Traballo de secuencias de movemento simples da danza contemporánea no centro: balanceos, suspensións e equilibrios.
- Exercicios de desprazamento no espazo.
- Traballo de series de movementos en diferentes ritmos e enerxías de execución.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Traballo no chan de contracción/release, bounces, espirais, high release e tilt nas distintas posicións no chan.
- Traballo de pernas no eixe en paralelo e en deors con, contraccións, espirais e torso en círculos.
- Traballo de introdución ao hinge e ao pitch.
- Traballo de xiros en pé plano.
- Introdución as caídas, desprazamento no chan e pinchacarneiros de costas.
- Saltos con traballo de torso.
- Desprazamentos con distintos percorridos espaciais: Triplets sinxelos.
- Desprazamentos con cambios de eixo e desequilibrios.
- Exercicios de secuencias de movemento no chan.
- Exercicios de secuencias de movemento no eixe, de xiros, saltos desprazamento no espazo.
- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.

- Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados a partir da improvisación.
- Xogo coas posibilidades espaciais e rítmicas das frases coreográficas elaboradas a través da improvisación.

### **Criterios de avaliación:**

Realizar exercicios de relaxación e respiración.

*Con este exercicio preténdese observar que os alumno/as/as/as están concentrados na súa respiración e relaxan as distintas partes do corpo.*

Realizar exercicios para sentir a forza de gravidade dos brazos e das pernas.

*Trátase de comprobar a toma de conciencia do peso dos brazos e das pernas.*

Realizar exercicios para sentir o contacto de todo o corpo co chan.

*Observar se durante a evolución dos movementos o alumno/a garda todo o seu corpo en contacto co chan.*

Realizar exercicios de contraccións e flexibilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal no chan.

*Observar a amplitude do movemento, a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar exercicios de contraccións e flexibilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal de pé.

*Observar a amplitude do movemento, a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar os exercicios de flexións, rotacións, extensións, apertura, suspensións, balanceos e equilibrio no centro.

*Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento de maneira coordinada.*

Realizar exercicios de desprazamento no espazo.

*Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha correcta utilización do espazo.*

Realizar os exercicios de movementos con diferentes ritmos e enerxías.

*Observar se o alumno/a executa o exercicio co ritmo e a enerxía demandada.*

Realizar as series de momento memorizadas.

*Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*



Realizar os exercicios no chan de contracción/release, bounces, espirais, high release e tilt nas distintas posicións no chan.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu e interiorizou a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar o exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixe e desequilibrio.

*Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas.*

Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a ha comprendido e interiorizado e memorizado a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas.

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Compoñer unha frase coreográfica a partir do material resultante das improvisacións.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturación, definición e perfeccionamento do material coreográfico atopado polo alumnado.*

Interpretar as frases coreográficas elaboradas a través da improvisación con ritmos, enerxías e posibilidades espaciais diferentes.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade musical, rítmica e espacial do alumnado.*

Elaboración dun pequeno comentario sobre o proceso de construción da frase coreográfica.

*Preténdese observar a capacidade de expresión oral e/ou escrita e de análise dos traballos efectuados de maneira práctica.*

## DANZA DE CARÁCTER

### Contidos:

A proba consistirá na realización dunha danza de carácter (mazurca, danza húngara ou tarantella) libremente elixida polo aspirante.

### Criterios de avaliación:

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso a 4º curso da especialidade de Danza Clásica

Para acceder ao 4º Curso das ensinanzas profesionais de danza clásica cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro, segundo e terceiro de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>4º GP ESPECIALIDADE DANZA CLÁSICA</b>		
DANZA CLÁSICA	50%	70 %
REPERTORIO	20%	
MÚSICA	30% da media aritmética que resulta das cinco materias	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		
DANZA GALEGA		
DANZA CONTEMPORÁNEA		
DANZA DE CARÁCTER		

## DANZA CLÁSICA

### Contidos:

- Na proba poderá pedirse algún contido do curso anterior.
- Realizar unha barra completa que inclua: Souplesse circular en dedans en relevé, Souplesse circular en dehors en relevé, Fondus en tournant por  $\frac{1}{4}$  de xiro, Flic Flac completo en dehors, Grand rond de jambe en dehors con acento atrás, que parte do en cloche en relevé, a  $45^\circ$ , ligado e en un tempo., Grand rond de jambe en dedans con acento diante, que parte do en cloche en relevé, a  $45^\circ$ , ligado en dous e 1 tempo, Combinar grand battement con tombé e retornar a pé plano.
- Realizar un exercicio de Tendus no centro que incluan tendus e jetés en tournant (eface, croisé e écarté), combinados con piruetas ligadas de 5ª (4). Valorarase se o alumno/a realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, e a boa coordinación de brazos e cabeza nas diferentes direccións.
- Realizar un exercicio de Adagio que inclua; Temp liés saíndo desde retiré en relevé picando a  $90^\circ$  e baixando a pé plano, en avant (2º GPA) Promenade en attitude (2º GPA), Fondú a relevé devant e fouette por promenade.
- Realizar un exercicio de piruetas que inclua valeses en diferentes direccións, xiros dobres en 4ª en dehors e en dedans, cun correcto traballo da cabeza, coordinación dos brazos e control do eixo.
- Realizar un exercicio de pequenos e medianos saltos que inclua: sissonne coupe xirando por  $\frac{1}{4}$  combinado con assemblé, Ballotés a  $45^\circ$  por developpé.
- Executar un exercicio de batería, que inclúa entrechat quatre, echappés battus na saída ou no peche, jeté battu, assemblé battu.
- Realizar una combinación de grandes saltos que inclúa sissonne ouvert en arriere, Sissone ouvert á 2ª, possé, assemblé, Glissade temp leve á 2ª, Grand jeté en tournant ou entrelacé
- Realizar exercicios en diagonal que inclúan tour piqué en dedans dobre e en dehors simple, e dous emboités en dedans por plié relevé.

### PUNTAS

- Realizar varios exercicios en puntas que inclúan os seguintes: relevés, echappés, piqués e piruetas simples de 5ª e de 4ª en dehors e en dedans, releves continuados en coupé (2) e échappés xirados por  $\frac{1}{4}$ .

- Realizar na diagonal 4 piqués en dedáns, 2 piqués en dehors, combinados con soutenus.
- Varóns: Realizar un exercicio de piruetas que inclúa pirueta dobre en 4ª en dehors e en dedans dobre; en 5ª en dehors e en dedans dobre; pirueta simple en dehors á 2ª, con potencia, velocidade e control do eixo así como coordinación de brazos e cabeza.
- Realizar un exercicio que inclúa piruetas a 2ª continuadas (2). Piruetas en attitude e en arabesque simples.
- Realizar un exercicio de tour en l'air sinxelo finalizando en 5ª.
- Realizar un exercicio de grandes saltos que inclúa cabriols en todas as posicións, saut de basque e assemblé en tournant, sissonne ouvert á segunda posé assemblé.

### **Criterios de avaliación:**

E exercicios na barra : valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta facendo fincapé no emprazamento correcto do eixo con amplitude dos movementos.

Exercicio de tendus no centro: valorarase que o alumno executa, sen descolocar o eixo, as diferentes combinacións que inclúan cambios de direccións, cos seus correspondentes brazos e épaulements.

Exercicio de adagio : Comprobarase que o alumno controla o equilibrio e executa os movementos ligados con amplitude, amosando a sensibilidade e expresividade propias destes exercicios.

Exercicio de xiros , dobres xiros e xiros com posicións em l'air: valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante, que coordina no impulso os brazos, torso e cabeza e que controla o remate das piruetas nas distintas posicións, e que executa as piruetas cun control do eixo sobre perna portante mantendo a posición en l'air ata o remate da mesma.

Exercicios de xiro e dobre xiro que inclúan desprazamentos en diagonal: comprobarase que o alumno executa os xiros de forma ligada, con velocidade e definición no espazo. Todo isto coa correcta coordinación de brazos, torso, e cabeza.

Exercicios de pequenos e medianos saltos que inclúan combinacións con batería: valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, limpeza e coordinación dentro do ritmo axeitado, amosando a batería no aire.

Exercicios que inclúan combinacións de grandes saltos: valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e elevación nos saltos así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.

Exercicios que inclúan as diferentes subidas á punta: releve, pique sobre unha perna no centro e sauté sobre dúas pernas: Comprobarase que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas.

Exercicios de xiros en puntas que inclúan: xiros en dehors, en dedans, por piqué, por relevé: valorarase que a alumna executa os xiros coa correcta colocación do eixo sobre as zapatillas de puntas, que coordina no impulso os movementos de cabeza, torso e brazos, que

Exercicios de xiro dende a diagonal: valorarase que a alumna executa coa correcta colocación os xiros de forma ligada, con velocidade e definición no espazo, trasladando o eixo sobre á perna portante, todo isto coa correcta coordinación de brazos, torso, e cabeza

Exercicios de pequenos, medianos e grandes saltos coas zapatillas de puntas: valorarase que alumna realiza os movementos con naturalidade e lixeireza, controlando as recepcións do salto sen perder a aliñación dos pés no aire.

En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade e sensación de lixeireza.

Varóns: exercicios de xiros dobres “ en dehors” e “en dedans”: valorarase que o alumno realizar os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante; que coordina no impulso os brazos, torso e cabeza, que controla o remate das piruetas nas distintas posicións e que executa as piruetas coa potencia e a velocidade propias dos varóns.

Exercicios que inclúan xiros con posicións en l´air combinados con sautillés : comprobarase que o alumno executa as piruetas cun control do eixo sobre perna portante mantendo a posición en l´air ata o remate da mesma. Todo isto coa coordinación no impulso dos brazos, torso e cabeza e coa potencia e velocidade propias dos varóns.

Tour en l´air, dobres, e sinxelos finalizando en diferentes posicións : comprobarase que o alumno executa o exercicios coa coordinación no impulso dos brazos, torso e cabeza e coa potencia e velocidade propias dos varóns, tendo en conta o empurre na saída do salto e a precisión nas recepcións nas distintas posicións.

Exercicios que combinen saltos de batería con grandes saltos : valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia nos saltos así como tamén a sincronización de

impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire, empregando axeitadamente o espazo.

## REPERTORIO

### Contidos

O aspirante traerá unha das seguintes pezas de repertorio coa súa música correspondente. Terá coñecementos técnicos e históricos do ballet escollido para a súa correcta interpretación dancística.

Alumnas, posibles pezas, ou algunha outra de dificultade similar:

- *Shylphides* principio e coda
- Prólogo da *Bela Durminte*
- *Giselle*. Campesiños e campesiñas
- *Bela Durminte*- mazurca
- *Crebanoces*. Vals dos copos de neve e vals das flores

Varóns, posibles pezas:

- *Vals da Bela Durminte*
- *Vals do Lago dos Cisnes*( 1º acto)
- *Vals das flores. Ballet Quebranoces*.
- *Campesiños. Giselle*.

### Criterios de avaliación:

Interpretar unha peza de repertorio

*Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección, facendo fluír sentimentos e personalidade.*

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación.
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### Contidos

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

Práctica do repertorio vocal

Periodo Romántico

Danzas típicas do período Romántico

Formas características do período Romántico

Relación entre as contas do bailarín ou bailarina e os tempos musicais.

Utilización da percusión corporal e os instrumentos escolares para acompañar ao movemento e a danza

A música doutras culturas. Música e medios audiovisuais

### **Criterios de avaliación**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Lectura Rítmica</li> <li>-Ritmos e Percusións</li> <li>-Interpretación Instrumental</li> </ul>	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Exercicios de Audición.</li> <li>-Recoñecemento Auditivo</li> <li>-Canciós</li> <li>-Entoación</li> <li>-Interpretación vocal</li> </ul>	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizarase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.



## DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos

- Acercamento teórico práctico ás diferentes técnicas e estilos coreográficos de danza contemporánea.
- Traballo no chan do movemento sucesional da columna vertebral.
- Os rebotes e as rotación espiral da columna.
- Secuencias en paralelo e en deors con torso e balanceos de plié, tendu, passé, jeté e rond de jambe.
- Traballo do torso paralelo ao chan.
- Equilibrios con e sen torso.
- Xiros sinxelos en paralelo.
- Desprazamento con series de torsos.
- Rebotes e saltos.
- Caídas dende o nivel medio.
- Secuencias de movemento que inclúan o traballo dos impulsos, a coordinación e a enerxía no chan.
- Secuencia en paralelo e en deors con torso e balanceos de frappé , fondu, developpé e grand battement.
- O Hinge no chan.
- Equilibrios e xiros con e sen torso.
- Tombé en pitch.
- Caídas dende nivel alto e dende o salto.
- Adestramento da percepción.
- Exercicios de secuencias de movemento no chan.
- Exercicios de secuencias de movemento no eixe, de xiros, saltos e desprazamento no espazo.
- Principais modificadores do movemento e a súa aplicación nas improvisacións dirixidas.
- Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.

- Traballo das variacións rítmicas e enerxéticas das frases coreográficas atopadas.
- Traballo da calidade de movemento na improvisación e a súa interiorización.
- Traballo do uso de estados enerxéticos e dinámicos do movemento nas secuencias de improvisación.

### **Criterios de avaliación:**

Realizar exercicios de mobilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal no chan e no centro.

*Observar a amplitude do movemento, a coordinación a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar os exercicios suspensións, balanceos, equilibrios, xiros, rebotes, saltos e caídas.

*Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento co control do aliñamento, coordinación enerxía e o ritmo requirido.*

Realizar exercicios de desprazamento con series de torso.

*Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha coordinación correcta.*

Realizar as series de momento memorizadas.

*Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixo e desequilibrio.

*Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas.*

Realizar os exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos en desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación.*

Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

Improvisar individualmente coas calidades e as enerxías traballadas.

*Con este criterio preténdese observar se o alumno/a interiorizou os matices de calidade e a enerxía do movemento nas sesións de improvisación.*

Compoñer unha frase coreográfica co traballo a través do traballo cos xeradores e modificadores do movemento.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturación, definición e perfeccionamento do material coreográfico atopado a través dos xeradores de movemento e os modificadores estudados.*

Elaboración dun pequeno comentario sobre o proceso de construción da frase coreográfica.

*Preténdese observar a capacidade de expresión oral e/ou escrita e de análise dos traballos efectuados de maneira práctica.*

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno/a.

## **DANZA DE CARÁCTER**

### **Contidos:**

A proba consistirá na realización dunha danza de carácter (mazurca, danza húngara ou tarantella) libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación:**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso a 5º curso da especialidade de Danza Clásica

Para acceder ao 5º Curso das ensinanzas profesionais de danza clásica cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro , a cuarto curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>5º GP ESPECIALIDADE DANZA CLÁSICA</b>		
DANZA CLÁSICA	50%	70%
REPERTORIO	20%	
MÚSICA	30% da media aritmética que resulta das seis materias	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		
DANZA GALEGA		
DANZA CONTEMPORÁNEA		
DANZA DE CARÁCTER		
PANTOMIMA INERPRETACIÓN		



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

## DANZA CLÁSICA

### Contidos:

Na proba poderá pedirse algún contido do curso anterior.

- Realizarase unha barra completa.
- Exercicio de tendus no centro, con cambios de dirección e piruetas.
- Exercicio de adagio que inclua developpés ,promenades en dehors / en dedans, con posicións en l´air.
- Exercicio de valeses que inclua pirueta dobre en dehors e en dedans e pirueta en dedans en posicións en l´air .
- Exercicio de saltos que incluan combinacións de pequenas baterías.
- Manége con combinacións de distintos xiros.
- Exercicio de grandes saltos que inclua grand jeté ao croisé en attitude, sissonnes oubert e ferme en todas as direccións.

- Exercicio na diagonal que inclua tour piqué en arabesque en dedans, piqué dobre en dedans, piqué simple en dehors, deboulés, emboites e soutenus.
- Realizar varios exercicios en puntas que inclúan os seguintes: relevés, echappés, piqués e piruetas simples de 5ª e dobres de 4ª en dehors e en dedans, e piuetas continuadas de 5ª en dehors (4).
- Realizar na diagonal piqués en dedáns, piqués en dehors, combinados con soutenus, coa velocidade axeitada ao curso.
- Varóns : Sissonne en avant ao arabesque, ballonés diante (4), sissonne en cruz Xiros e grandes saltos da técnica de varóns.

## REPERTORIO

### Contidos

O aspirante traerá unha das seguintes pezas de repertorio coa súa música correspondente. Terá coñecementos técnicos e históricos do ballet escollido para a súa correcta interpretación dancística.

Alumnas, pezas posibles: ( a elixir unha):

- Entrada da fille mal gardé. Amigas de Lise.
- Vals dos erros
- Baile de graduados, cadetes
- Coda do pas de quatre

Varóns, Pezas posibles ( a elixir unha)

- Raymonda. Paso a 4 adaptado
- \_Paso campesiño. Giselle. Versión cubana
- Amigos de Fran. Grupal Coppélia
- Napoli. Bournonville. Grupais

### Criterios de avaliación

Interpretar unha peza de repertorio

*Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección, facendo fluír sentimentos e personalidade.*

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación.
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

## Contidos

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

A música con instrumentos musicais e con obxectos cotiás.

Práctica do repertorio vocal

Utilización da percusión corporal para acompañar movementos, cantos e danzas.

Práctica de exercicios auditivos.

A música e os compositores galegos.

Análise de partituras.

Exercicios de danza e as súas músicas

Análise das músicas para as distintas danzas.



### **Criterios de avaliación**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Cancións -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizarase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos

- Acercamento teórico práctico ás técnicas de danza contemporánea.
- A dispoñibilidade corporal.
- O movemento articular.
- Os apoios, os impulsos e as suspensións no chan.
- Traballo de caídas.
- Secuencias de movemento que inclúan o traballo dos impulsos, a coordinación e a enerxía no chan.
- Secuencias en paralelo e en deors con corso e balanceos de plié, tendu, passé, jeté e rond de jambe.
- Equilibrios e xiros con e sen torso.
- Desprazamento con series de torsos.
- Rebotes e saltos.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Secuencia en paralelo e en deors con torso e balanceos de frappé , fondu, developpé e grand battement.
- O Hinge e o pitch.
- Voltas sobre un ombro seguido de outro.
- Saltos desprazados unidos a caídas.
- Exercicios de secuencias de movemento no chan.
- Exercicios de secuencias de movemento no eixe, de xiros, saltos en desprazamento no espazo.
- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
- Principais modificadores do movemento e a súa aplicación.
- Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
- Aplicación dos modificadores do movemento.
- Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización.

- Traballo do uso de estados enerxéticos e dinámicos do movemento.
- Traballo das variacións rítmicas e enerxéticas das frases coreográficas.
- Aprendizaxe e aplicación de técnicas de composición espacial.

### **Criterios de avaliación**

Realizar exercicios de dispoñibilidade corporal e movemento articular no chan. *Observar a coordinación e o aliñamento correcto.*

Realizar as secuencias de movemento no chan. *Observar os impulsos, a coordinación e a correcta utilización da enerxía.*

Realizar os exercicios de suspensións, balanceos, equilibrios, xiros, rebotes, saltos e caídas. *Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento co control do aliñamento, coordinación enerxía e o ritmo requirido.*

Realizar exercicios de desprazamento con series de torso. *Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha coordinación correcta.*

Realizar as series de momento memorizadas. *Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixe e desequilibrio. *Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas.*

Realizar o exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos en desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación.*

Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos en desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Interpretar as frases coreográficas con ritmos e enerxías demandadas.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade musical e rítmica do alumnado.*

Compoñer unha frase coreográfica co traballo a través do traballo cos xeradores e modificadores do movemento.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturación, definición e perfeccionamento do material coreográfico atopado a través dos xeradores de movemento e os modificadores estudados.*

Interpretar as frases coreográficas coa calidade enerxética e dinámica demandada.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade do alumno/a a execución do mesmo material coreográfico con distintas enerxías e dinámicas co conseguinte aumento da calidade de interpretación.*

Realizar unha pequena composición espacial.

*Preténdese comprobar se o alumno/a interiorizou as técnicas de composición espacial traballadas.*

Elaboración dun pequeno comentario sobre o proceso de construción da frase coreográfica. *Preténdese observar a capacidade de expresión oral e/ou escrita e de análise dos traballos efectuados de maneira práctica.*

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno/a.

## **DANZA DE CARÁCTER**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza de carácter (mazurca, danza húngara ou tarantella) libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## **PANTOMIMA E INTERPRETACIÓN**

### **Contidos**

O alumno elixirá unha das escenas pantomímicas e amosará a súa interpretación

Chicas:

- Escena da maternidade de Lise no Ballet da fille Mal Gardée
- Escena de Berthe do 1º Acto.

Chicos:

- Escena de Sigfrido no final do 1º Acto.

### **Criterios de avaliación:**

Valorarase se o alumnado asimilou os códigos, os símbolos e os xestos empregados no ballet clásico e a a súa conexión cos sentimentos.

## **Acceso a 6º curso da especialidade de Danza Clásica**

Para acceder ao 6º Curso das ensinanzas profesionais de danza contemporánea cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro a quinto curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>6º GP ESPECIALIDADE DANZA CLÁSICA</b>		
DANZA CLÁSICA	50%	70%
REPERTORIO	20%	
PASO A DOUS	30% da media aritmética que resulta das nove materias	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		
DANZA GALEGA		
DANZA CONTEMPORÁNEA		
DANZA DE CARÁCTER		
PANTOMIMA INTERPRETACIÓN		
MÚSICA		
HISTORIA DA DANZA		
ANATOMÍA APLICADA Á DANZA		
NUTRICIÓN/COREOGRAFÍA/DIDÁCTICA/INTERPRETACIÓN/OBRADOIRO DANZA GALEGA (a escoller unha)		

## DANZA CLÁSICA

### Contidos:

- Realizárase unha barra completa.
- Exercicio de tendus no centro, con cambios de dirección e piruetas.
- Exercicio de adagio que inclua developpés ,promenades en dehors / en dedans, con posicións en l'air e fouettés por plié relevé ou por piqué.
- Exercicio de valeses que inclua pirueta dobre en dehors e en dedans e pirueta en dehors e dedans en posicións en l'air , e piuetas rematadas en posicións en l'air.
- Exercicio de saltos que inclúan combinacións de pequenas baterías.
- Manège con combinacións de distintos xiros.
- Exercicio de grandes saltos que inclua grand jeté ao croisé en attitude, sissonnes oubert e fermé en todas as direccións, saut de basque e pequeno cabirole.
- Exercicio na diagonal que inclua tour piqué en arabesque en dedans, piqué dobre en dedans, piqué simple en dehors, deboulés, emboites e soutenus.
- Realizar varios exercicios en puntas que inclúan os seguintes: relevés, echappés, piqués e piruetas simples de 5ª e dobres de 4ª en dehors e en dedans, e piuetas continuadas de 5ª en dehors e tour fouetté( 4).
- Realizar na diagonal piqués en dedáns, piqués en dehors, combinados con soutenus, coa velocidade axeitada ao curso, manège con combinacións de xiros.
- Realizar un exercicio que inclua saltos en punta.
- Varóns : Sissonne en avant ao arabesque, ballonés diante (4), sissonne en cruz Xiros e grandes saltos da técnica de varóns.

Realizar un exercicio de grand allegro no que se inclúan dobres xiros e batería nos saltos deste nivel. Combinación de manège, do temp levé arabesque e grand jeté attitude. Dobre tour en l'air en todas as súas características.

### Criterios de avaliación

Exercicios na barra: *valorárase que o alumno/a realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.*

Exercicios de Vals: *valorarase que o alumno/a realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñamento do corpo, amosando precisión no impulso e no remate dos xiros nas distintas posicións.*

Nas piruetas en posicións en l'air *valorarase que o alumno/a mantén a posición no aire ata o remate da mesma. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos valeses das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.*

Xiros en punta: *comprobarase que a alumna executa de forma ligada e con velocidade os xiros empregando correctamente o espazo. Todo isto coa dinámica e control nas subidas e nas baixadas, coordinando brazos, torso e cabeza.*

Varóns: *valorarase que o alumno/a realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante, que coordina o impulso dos brazos, do torso e da cabeza, que controla o remate das piruetas en posicións de maior dificultade e que executa os xiros coa potencia e a velocidade propias dos varóns.*

Exercicio de Grand allegro: *valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia no salto, a coordinación de brazos, torso e cabeza nos saltos xirados, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire, cun correcto emprego do espazo.*

## REPERTORIO

### Contidos

O aspirante traerá unha das seguintes pezas de repertorio coa súa música correspondente. Terá coñecementos técnicos e históricos do ballet escollido para a súa correcta interpretación dancística.

Alumnas, posibles pezas ( a elexir unha):

- Varición Princesa Fiorina do Paxaro Azul
- Nápoli
- Variacións amigas de Coppelia
- Variacións demi\_solistas de Corsario



- Variación paso a tres Lago dos cisnes
- Bayadera 1º acto 3ª escena
- Hadas da Bela durminte
- Cupido do Quixote
- Variación do paso a dous de Tchaikovsky

Varóns, posibles pezas ( a elixir unha):

- Paxaro azul - Bela Durminte
- Paso campesiño- Giselle
- Variacións – Napoli
- Variación paso a tres- (1º acto)- O lago dos cisnes.

### **Criterios de avaliación**

Interpretar unha peza de repertorio das ofrecidas

*Con este criterio valorarase a actitude disciplinada do bailarín no corpo de baile, a capacidade de asumir o papel asinado, a súa responsabilidade na unidade do conxunto, executando os contidos técnicos da peza con corrección, facendo fluír sentimentos e personalidade.*

## **PASO A DOUS**

### **Contidos**

O aspirante traerá acompañante para o desenvolvemento da proba

O alumno traerá preparado un exercicio que inclua: promenades en posicións en l´air, xiros dende 4ª posición e elevacións a media altura.

### **Criterios de avaliación**

Comprobarase a colocación da alumna no eixo, e se o alumno é capaz de situala en calquera desprazamento do seu eixo de equilibrio. Valorarase tamén se os alumnos empregan o impulso da rapaza para a elevación, así como a baixada suave ata o chan, e que se manteñan no aire as posicións de forma clara e precisa.

Avaliarase a capacidade artística, a sensibilidade e a musicalidade do alumnado, así como o grao de asimilación do papel do acompañante por cada membro da parella



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizarase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## **DANZA CONTEMPORÁNEA**

### **Contidos**

- Achegamento teórico práctico ás diferentes técnicas da danza contemporánea
- Introducción na percepción do corpo-mente.
- Secuencias de movemento que inclúan o traballo de investigación da relación do corpo no chan (enerxías, pesos, ritmos, caídas, magnetismo, etc).
- Secuencias en paralelo e en dehors (pliés, tendues, jettés, retirés, rond de jambe) utilizando os diferentes puntos no espazo.
- Traballo específico do equilibrio e a estabilidade.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Secuencias en paralelo y en dehors (frappé, fondu, développé e grand battement) utilizando os

- diferentes puntos no espazo.
- Traballo de equilibrios con elevación e extensión de pernas.
  - Rodadas e voltas no chan: investigación e combinacións.
  - Caídas unidas a saltos en desprazamentos
  - Exercicios de secuencias de movemento no chan e de pé.
  - Traballo de calidade técnica das secuencias coreográficas .
  - Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
  - Creación e toma de conciencia da linguaxe corporal de diferentes persoaxes, roles, emocións ou estados psico-enerxéticos.
  - Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
  - Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización.
  - Práctica con diferentes métodos para liberar o movemento e o potencial creativo.

### **Criterios de avaliación:**

Realizar exercicios baseados na percepción e conexión do corpo coa mente. *Observar o nivel de atención sostida e a madurez do movemento.*

Realizar as secuencias de movemento no chan. *Observar a integración do corpo no chan, a madurez e a riqueza de movementos asimilados no proceso de investigación.*

Realizar as secuencias verticais (tendus, jettés, pliés, rond de jambe, etc) con suspensións, balanceos e cunha precisa relación entre tensión-relaxación, variando os diferentes puntos no espazo. *Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento coa madurez, estabilidade e axilidade mental e corporal, así como a asimilación precisa dos conceptos técnicos.*

Realizar as series de movemento memorizadas. *Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan. *Este criterio permite observar se o alumno/a ten integrado os contidos propios da materia no seu movemento.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé. *Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan. *Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas e co traballo de investigación específico.*

Realizar exercicios de equilibrio con elevación e extensión de pernas. *Observar o nivel de estabilidade e o equilibrio constante.*

Realizar os exercicios de pé con desprazamentos, saltos e caídas. *Observar a asimilación das dinámicas, os pesos e un favorable aliñamento corporal.*

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas. *Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Creación e toma de conciencia da linguaxe corporal de diferentes personaxes, roles, emocións ou estados psico-enerxéticos. *Este criterio permite comprobar o nivel de percepción e o poder de expresión e transmisión do alumno/a mediante as súas creacións.*

Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados. *Con este criterio preténdese amosar a capacidade de estruturación e concreción para transformar a improvisación en composición.*

Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización. *Mediante este criterio comprobamos o nivel acadado no traballo de perfeccionamento do movemento e a capacidade de interiorización do alumno/a.*

Práctica con diferentes métodos para liberar o movemento e o potencial creativo. *Con este criterio preténdese amosar a apertura da liberdade do movemento xenuíno do alumno/a e a súa capacidade creativa como dereito e virtude e incluso, forma de vida.*

Elaboración dun pequeno comentario sobre o proceso de construción da frase coreográfica. *Preténdese observar a capacidade de expresión oral e/ou escrita e de análise dos traballos efectuados de maneira práctica.*

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno/a.

## DANZA DE CARÁCTER

### Contidos

A proba consistirá na realización dunha danza de carácter (mazurca, danza húngara ou tarantella) libremente elixida polo aspirante.

### Criterios de avaliación

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## PANTOMIMA E INTERPRETACIÓN

### Contidos

O alumno elixirá unha das escenas pantomímicas e amosará a súa interpretación

Chicas:

- Escena da maternidade de Lise no Ballet da fille Mal Gardée
- Escena de Berthe do 1º Acto.

Chicos:

- Escena de Sigfrido no final do 1º Acto.

### Criterios de avaliación

Valorarase se o alumnado asimilou os códigos, os símbolos e os xestos empregados no ballet clásico e a a súa conexión cos sentimentos.

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- .- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación

- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### Contidos

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

A música con instrumentos musicais e con obxectos cotiás.

Práctica do repertorio vocal

Utilización da percusión corporal para acompañar movementos, cantos e danzas.

Práctica de exercicios auditivos.

A música e os compositores galegos.

Análise de partituras.

Exercicios de danza e as súas músicas

Análise das músicas para as distintas danzas.

### Criterios de avaliación

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Canciós -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

- .



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



## HISTORIA DA DANZA

### Contidos

O tribunal proporá dous dos seguintes temas e o aspirante elixirá un para desenvolver

- 1 A danza no século das luces: Jean Georges Noverre e o ballet de acción. Contextualización.  
*Ballet a Fille mal gardée*
- 2 A danza no século XIX: O Ballet Romántico. Características e principais ballets.
- 3 Marius Petipa e o Ballet académico en Rusia. Características e ballets máis representativos.
- 4 Século XX: Os ballets Russes de Serge Diaguilev. Coreógrafos, bailaríns e ballets máis destacados.

### Criterios de Avaliación

Ubicar as principais personalidades dancísticas na súa época correspondente. Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes ata principios de século XX.

*Con este criterio preténdese comprobar que o alumno asimilou os conceptos relativos a evolución histórica da danza e a súa relación coas demais artes e que coñece as principais personalidades da época e o seu legado.*

## ANATOMÍA APLICADA Á DANZA

### Contidos

- As xeneralidades anatómicas. Os planos anatómicos. Os eixos de movemento. Os termos de relación e posición. Os tecidos corporais.
- A osteoloxía: A introdución. O esqueleto humano. A configuración externa dos osos. A configuración interna dos osos. A vascularización, a inervación e as funcións dos osos.
- A artroloxía: A introdución. A clasificación. Os compoñentes articulares. Os factores que limitan a mobilidade. Os factores de coaptación.
- A mioloxía: A introdución. As características. A clasificación. As insercións. A funcionalidade. A postura e a dinámica. O tecido conxuntivo. A biomecánica.

- A neuroloxía: A introdución. O sistema nervioso. A sinápsis. Os tipos de fibras. Os receptores. A clasificación funcional.
- A columna vertebral: A introdución. O disco vertebral. O aparato ligamentoso. A función vertebral.
- A caixa torácica: as articulacións do tórax.
- A cintura pélvica: As xeneralidades. As articulacións e os medios de unión. A articulación sacro-ilíaca. A sínfisis púbica. A articulación sacrococcíxea. A estática do cinto pélvico. A dinámica do cinto pélvico.
- A cadeira: A cinemática e os rangos de mobilidade. Os músculos. A cinética e o aparato motor.
- Os xeonllos: O eixo de mobilidade. A arquitectura. As superficies óseas . As superficies articulares. As articulacións. Os medios de unión. A estática do xeonllo. A cinemática. A cinética e o aparato motor.
- O sistema cardiovascular, a súa participación e adaptación ao exercicio físico de diversas intensidades. Os movementos respiratorios. A coordinación da respiración co movemento corporal.

### **Criterios de Avaliación**

Coñecer os elementos que configuran a nosa anatomía, a través do seu recoñecemento práctico.

*Con este criterio preténdese valorar o coñecemento que posúe o alumnado acerca dos ósos, as articulacións, os tendóns e os músculos.*

Saber os principios anatómicos, biomecánicos e fisiolóxicos que rexen o movemento, así como a súa utilización na danza.

*Este criterio permite valorar o coñecemento que posúen os alumno/as/as/as e as alumnas dos principios da anatomía, a fisioloxía e a biomecánica, así como a súa capacidade de relacionalos dunha maneira práctica coa danza.*

Coñecer os graos de mobilidade do pescozo, o tronco e a pelve.

*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus graos de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*

Explicar a función que desempeña o aparato respiratorio no corpo humano como instrumento de expresión e os beneficios dunha boa utilización do mesmo na práctica da danza.

*Con este criterio comprobarase que o alumno/a ou a alumna asimilou a importancia do aparato respiratorio na práctica da danza.*

Saber os graos de mobilidade da cadeira e dos xeonllos.

*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus graos de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*

Explicar os requirimentos cardiovasculares, respiratorios e as diversas cualidades físicas (flexo-elasticidade, forza e coordinación).

*Con este criterio preténdese comprobar se o alumno/a ou a alumna asimilou cada un dos aspectos que tipifican o traballo físico identificando estes aspectos na práctica da danza.*

Xustificar documentalmente os beneficios físicos e mentais que proporciona a práctica regular da danza.

*Con este criterio valorarase , dunha parte o coñecemento adquirido polo alumno/a ou pola alumna sobre os efectos beneficiosos derivados da práctica da danza, e doutra parte, a súa capacidade de comprender, recompilar, organizar e analizar a información sobre a transcendencia social de ditos beneficios*

## **INTERPRETACIÓN**

### **Contidos**

- Adestramento da capacidade de memoria, de observación e de escoita.
- Desenvolvemento e control da enerxía a través de técnicas de relaxación.
- Estudo da linguaxe corporal como vehículo para expresar as emocións.
- Desenvolvemento e a potenciación da imaxinación e a creatividade.
- Desenvolvemento da capacidade de desinhibición.
- Estudo de diferentes técnicas teatrais e a súa aplicación na escena: a interpretación xestual, con obxectos e musical.
- A práctica de exercicios e xogos, individuais e grupais, aplicados aos personaxes que se representan.
- A análise física e psicolóxica do personaxe para descubrir as analogías e as diferenzas no/a intérprete e poder abordalo dentro da época e do estilo da obra pero respectando a personalidade do bailarín e bailarina
- A percepción visual.
- O movemento e a expresividade da cabeza.

- A mobilidade e a expresión do rostro. A máscara facial.
- A percepción táctil: o obxecto como desencadenamento da expresión.
- O estudo das técnicas básicas integradas no feito escénico como a maquillaxe, a iluminación, a escenografía, a indumentaria...

### **Criterios de Avaliación**

Elaborar diferentes traballos artísticos dentro dunha obra coreográfica marcados polo profesorado no momento.

*Con este criterio preténdese valorar: a capacidade de resposta interpretativa e o grao técnico acadado; a integración por parte da técnica teatral coa da danza, así como da súa personalidade na proposta; a súa capacidade para memorizar e reproducir, desde a súa personalidade creadora, formas de conduta de diferentes épocas; o emprego da imaxinación, da creatividade e da súa capacidade para evocar sensacións e imaxes; o seu dominio do espazo e do ritmo; o seu emprego da enerxía, da capacidade de autocontrol e o uso correcto das técnicas integradas na escena.*

Realizar os exercicios, as improvisacións e os xogos teatrais, individuais e grupais.

*Este criterio permite valorar a asimilación por parte do alumnado da técnica artística e o seu emprego na escena e personaxe que se vai interpretar.*

Efectuar traballos propostos polo alumnado sobre coreografías concretas que reúnan a técnica da danza e a artística.

*Este criterio pretende valorar: a imaxinación e a creatividade do alumnado; a súa capacidade de organización, de observación e de memoria; a súa capacidade para confrontar a formación da súa disciplina artística con espectadores eventuais, adecuándose eficazmente; e a súa capacidade de transmitir ao espectador.*

Realizar exercicios teórico – prácticos que inclúan a explicación e coñecemento dos exercicios que componen a clase

*Coñecer e identificar a finalidade de cada un dos exercicios que compoñen a clase*

## **COMPOSICIÓN COREOGRÁFICA**

### **Contidos**

- Estudo das distintas fases no proceso de creación coreográfica, coñecemento e aplicación de ferramentas de composición coreográfica.

- Estudo dos elementos que caracterizan e definen a obra coreográfica.

- Identificación e descrición dos elementos dunha coreografía.

Introducción ás ferramentas software para a edición de arquivos de audio e vídeo.

- Estudo do vocabulario corporal e xestual.

Estudo de técnicas audiovisuais básicas.

- Estudo e interpretación de extractos de coreografías de diferentes épocas, estilos, tendencias e autores/as.

- Realización e execución de composicións coreográficas

- Estudo da lexislación vixente en materia de autoría.

### **Criterios de Avaliación**

Interpretar unha composición coreográfica propia, na que o alumnado integre algunha das técnicas audiovisuais ou artísticas estudadas.

*Con este criterio preténdese valorar a capacidade de comunicación do alumnado para a transmisión das súas ideas e emocións e comprobar que o alumnado asimilou a interrelación da composición coreográfica coas outras artes e medios audiovisuais.*

Definir o concepto de autoría segundo a lexislación vixente e reflexionar sobre as implicacións que derivan do exercicio da súa función.

*Con este criterio valórase a capacidade do alumnado para asumir o seu papel como creador e a súa capacidade de comprender o concepto de propiedade intelectual.*

## **NUTRICIÓN**

### **Contidos**

- As necesidades nutricionais do organismo humano.

A introdución á dietética (os nutrientes, os alimentos, a nutrición en estados especiais).

- A enerxía e as súas unidades.

- A táboa de composición de alimentos.

- Os grupos de alimentos

- Os nutrientes, os alimentos, a nutrición en estados especiais.

- Os grupos de alimentos.

- As técnicas de alimentación.

- Os patróns alimentarios na idade escolar.
- A adquisición de hábitos alimentarios saudables elaboración dunha dieta nos distintos estadios do bailarín e bailarina.
- As características xerais nos trastornos de conduta alimentaria-
- Os cambios fisiolóxicos e as modificacións alimentarias na adolescencia.
- As necesidades enerxéticas do bailarín e bailarina.
- As medidas do gasto enerxético (mínimo e total).

### **Criterios de Avaliación**

Explicar a relación entre nutrición axeitada e rendemento físico axeitado e identificar as costumes nutricionais que conducen á mal nutrición.

*Este criterio avalía a comprensión adquirida sobre os nutrientes enerxéticos e non enerxéticos, a hidratación e a súa distribución nunha dieta sana axeitada á intensidade do exercicio físico realizado, que evite as carencias e os excesos que conducen á enfermidade.*

Expoñer razoadamente un hábito ou comportamento nutricional que mellore o rendemento físico e artístico e deba ser practicado para prever os posibles trastornos alimentarios.

*Con este criterio preténdese valorar se o alumno ou a alumna adquiriu o risco que leva consigo unha mala práctica nutricional.*

Elaborar unha dieta sobre estadios do bailarín e bailarina proposto polo profesor.

*Con este criterio valorarase que o alumno ou a alumna asimilou as necesidades nutricionais do bailarín e bailarina, tendo en conta as distintas etapas. Así como tamén, que coñecen as táboas de composición de alimentos e os seus distintos grupos.*

## **OBRADOIRO DANZA GALEGA**

### **Contidos**

- Análise e fusión dos recursos compositivos espaciais contemporáneos e tradicionais
- Construción de frases de movemento fusionando os estilos aprendidos.

### **Criterios de Avaliación**

Crear frases coreográficas integrando os recursos compositivos contemporáneos e tradicionais a nivel textual e espacial .

*Con este criterio observarase se o alumnado ten asimiladas as bases compositivas das dúas especialidades de danza e integrada a súa fusión.*

## DIDÁCTICA DA DANZA

### Contidos

-O profesor de danza. O papel e as formas de actuación do profesor. Análise do grupo. Modelos de aprendizaxe do alumnado. A relación entre o profesor e o alumnado: os elementos para unha aprendizaxe significativa. Os valores educativos. Os beneficios educativos e sociais da práctica da danza. Os factores psicolóxicos no ensino da danza. Obxectivos e logros psicolóxicos. A aprendizaxe motora. As súas características e as estratexias para a súa mellora.

### Criterios de Avaliación

Realizar unha proba teórica que consistirá en catro preguntas cortas nas que se terá en conta:

-O/a aspirante coñece e sabe aplicar as técnicas de interacción existentes na aula de danza, tendo en conta o carácter do grupo, o ritmo da clase e os distintos factores sociais e ambientais que poidan influír no desenvolvemento da sesión.

-O/a aspirante *asimilou os conceptos pedagóxicos e didácticos necesarios para a correcta planificación dunha clase de danza.*

-O/a aspirante *coñece os métodos e as técnicas de ensino da danza e sabe elixir as máis axeitadas para dirixir a aprendizaxe.*

## ACCESO AO 2º CURSO DA ESPECIALIDADE DE DANZA CONTEMPORÁNEA

Para acceder ao 2º Curso das ensinanzas profesionais de danza contemporánea cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de 1º curso de Grao Profesional. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá unha avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:



<b>2º GP DANZA CONTEMPORÁNEA</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>PORCENT AXE</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
DANZA CLÁSICA	55%	70 % da media ponderada das tres materias
TÉCNICAS DA DANZA CONTEMPORÁNEA	35%	
IMPROVISACIÓN	10%	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		30 % da media aritmética que resulta das tres materias
DANZA GALEGA		
MÚSICA		



## DANZA CLÁSICA

### Contidos

- Na proba poderá pedirse algún contido do cursos anteriores.
- Realizarase una barra que inclúa: Souplesse circular, con tendu á segunda (só lateral), battement tendu en tournant con 1/8 de xiro en dehors e en dedans en cruz, jeté con dobre piqué ou pointé, rond de jambe en l'air, equilibrios en posicións en l'air a pé plano, dobre frappé, dobre fondu, grand battement en cloche rematando ao tendu.
- Exercicio de tendus no centro que incluan: tendu en cruz en 2 tempos con acento fóra e dentro, tendu en tournant (1/8).
- Exercicio de Adagio que incluan: port de bras, pas de basque en dehors e en dedans en 4t, temp lié en avant e á second, promenade en retiré.
- Exercicios de Piruetas que incluan: piruetas simples en dehors desde 5ª e desde 4ª, e media en dedans, combinadas con paso de vals con epaulement e en tournant.
- Exercicio de saltos que inclua: temps levé en todas as posicións, glissade de coté, assemblé á 2ª, echappé que cae ao coupé, sissonne fermé de coté, jeté sauté
- Soutenus en 2 tempos na diagonal

### Criterios de avaliación

- Nos exercicios na barra amosarase unha correcta colocación e coordinación de brazos, cabeza e pernas.
- No exercicio de tendus no centro valorarase se o alumno/a realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, cos seus brazos e coas diferentes direccións.
- No exercicio de Adagio comprobarase que o alumno/a interiorizou o exercicio de temps lié e mantén a suxeición da posición e o eixo no traballo do promenade en retiré.
- No exercicio de xiro, comprobarase que o alumno/a asimilou o equilibrio na pirueta e que executa os valeses con coordinación e fluidez.
- Nos exercicios de saltos valorarase que o alumno/a interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto e que coordina os movementos de brazos, cabeza e pernas nas combinacións propostas.
- No exercicio de soutenus na diagonal comprobarase a coordinación á hora de enlazar os xiros consecutivos, así como tamén o correcto emprego das cabezas.

## TÉCNICAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos:

- Achegamento teórico práctico das técnicas Release e Graham.
- Exercicios no chan de respiración e relaxación.
- Traballo de sensibilización do peso das distintas partes do corpo.
- Toma de conciencia da aliñamento do corpo e da postura no chan.
- Traballo da mobilidade da columna vertebral e de contracción do torso no chan.
- Traballo de contraccións do torso e da mobilidade da columna e de pé.
- Traballo das posicións do corpo e de transferencia de peso.
- Traballo de flexións, rotacións, extensións e apertura das diferentes partes do corpo.
- Traballo de secuencias de movemento simples da danza contemporánea no centro: balanceos, suspensións e equilibrios.
- Exercicios de desprazamento no espazo.
- Traballo de series de movementos en diferentes ritmos e enerxías de execución.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Extensión da columna en posición sentada.
- Respiracións no chan coas plantas dos pés xuntas ou pre primeira e cos pés cruzados.
- Contraccións/Release no chan coas plantas xuntas, paralelo e segunda.
- Introducción as espirais e “high release” no chan coas plantas xuntas, os pés cruzados, en paralelo e en segunda.
- Rebotes nas diferentes posicións.
- Introducción á súplica no chan.
- Introducción a 4ª posición no chan.
- Preparación as caídas a partir dos xeonllos ao ombreiro
- Exercicios en paralelo de pé (tendu, jeté, retiré).
- Exercicios de cambio do peso do corpo.
- Contraccións coas pernas en paralelo e en segunda posición dende plié.

- Equilibrio en retiré e preparación o tilt.
- Bird e decalé con e sen plié.
- Desprazamentos nas diagonais: triplets, skips.
- Xiros sinxelos en paralelo cos pés no chan en dedans.
- Glissade con torso en paralelo e en dehors.
- Chassé, assemblé e temps levé en paralelo e en dehors.
- Balanceos das pernas e dos brazos (swings).
- Variacións dos movementos expresando calidades e sentindo as diferentes cadencias, ritmos e dinámicas.
- Traballo da dispoñibilidade corporal, a respiración adaptada ao movemento.
- Traballo da calidade e amplitude do movemento, utilización do espazo e precisión musical.
- Exercicios de secuencias de movemento no chan de :contracción/release, espirais e rebotes con port de bras.
- Exercicios de secuencias de movemento no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

### **Criterios de avaliación**

Realizar exercicios de relaxación e respiración.

*Con este exercicio preténdese observar que os alumno/as/as/as están concentrados na súa respiración e relaxan as distintas partes do corpo.*

Realizar exercicios para sentir a forza da gravidade dos brazos e das pernas.

*Trátase de comprobar a toma de conciencia do peso dos brazos e das pernas.*

Realizar exercicios para sentir o contacto de todo o corpo co chan.

*Observar se durante a evolución dos movementos o alumno/a garda todo o seu corpo en contacto co chan.*

Realizar exercicios de contraccións e flexibilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal no chan.

*Observar a amplitude do movemento, a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar exercicios de contraccións e flexibilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal de pé.

*Observar a amplitude do movement, a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar os exercicios de flexións, rotacións, extensións, apertura, suspensións, balanceos e equilibrio no centro.

*Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento de maneira coordinada.*

Realizar exercicios de desprazamento no espazo.

*Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha correcta utilización do espazo.*

Realizar os exercicios de movementos con diferentes ritmos e enerxías.

*Observar se o alumno/a executa o exercicio co ritmo e a enerxía demandada.*

Realizar as series de momento memorizadas.

*Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar os exercicios no chan de respiración, contracción/release, high release espirais, rebotes e súplica.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu e interiorizou a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar o exercicios de pé no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, o equilibrio, a dinámica e a coordinación.*

## IMPROVISACIÓN

### Contidos

- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
- Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
- Traballo das variacións rítmicas e enerxéticas das frases coreográficas atopadas.
- Sensibilización á análise da peza musical elixida para interpretar.
- Aprendizaxe e aplicación das variacións do movemento necesarias para a composición coreográfica.

- Aprendizaxe e aplicación de técnicas de composición espacial.

### **Criterios de avaliación**

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Compoñer unha frase coreográfica.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturación, definición e perfeccionamento do material coreográfico atopado polo alumnado.*

Interpretar as frases coreográficas con ritmos e enerxías diferentes.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade musical e rítmica do alumnado.*

## **MÚSICA**

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### **Contidos**

- ⓪ Grupos de valoración especial
- ⓪ Equivalencias
- ⓪ Outros compases
- ⓪ Tempo peteneras
- ⓪ período Barroco,
- ⓪ Danzas típicas do período Barroco,
- ⓪ Formas características do período Barroco,
- ⓪ Elementos de análise

- ⌚ Ictus inicial e final
- ⌚ Cadencias
- ⌚ Outras Escalas. Continuación
- ⌚ Clave de Fa 4a
- ⌚ Notas de adorno
- ⌚ Canto coral
- ⌚ " as 8 contas" de danza.
- ⌚ A xota e a Muiñeira nos instrumentos de percusión

### **Criterios de avaliación:**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Canciós -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

-Realizárase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## DANZA GALEGA

### Contidos

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### Criterios de avaliación

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso a 3º curso da especialidade de Danza Contemporánea

Para acceder ao 3º Curso das ensinanzas profesionais de danza contemporánea cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro e segundo curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>3º GP DANZA CONTEMPORÁNEA</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>PORCENT AXE</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
DANZA CLÁSICA	45%	70 % da media ponderada das tres materias
TÉCNICAS DA DANZA CONTEMPORÁNEA	40%	
IMPROVISACIÓN	15%	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		30 % da media aritmética que resulta das tres materias
DANZA GALEGA		
MÚSICA		

## DANZA CLÁSICA

### Contidos

- Realizárase unha barra que inclúa: Souplesse circular, con tendu á segunda (só lateral), battement tendu en tournant con 1/8 de xiro en dehors e en dedans en cruz, jeté con dobre piqué ou pointé, rond de jambe en l'air, equilibrios en posicións en l'air a pé plano, dobre frappé, dobre fondu, grand battement en cloche rematando ao tendu.
- Realizárase un exercicio de tendus no centro que inclua: tendu en cruz en 2 tempos con acento fóra e dentro, tendu en tournant (1/8).
- Realizárase un exercicio de adagio que inclua: port de bras, pas de basque en dehors e en dedans en 4t, temp lié en avant e á second, promenade en retiré.
- Realizárase un exercicio de piruetas que inclua piruetas simples en dehors desde 5ª e desde 4ª, e media en dedans, combinadas con paso de vals con epaulement e en tournant.

Saltos: temp levé en todas as posicións, glissade de coté, assemblé á 2ª, echappé que cae ao coupé, sissonne fermé de coté, jeté sauté.

- *Diagonal*: Soutenus en 2 tempos.

### Criterios de avaliación

Nos exercicios da barra valorárase unha correcta colocación e coordinación de brazos, cabeza e pernas.

No exercicio de tendus no centro valorárase se o alumno/a realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo, cos seus brazos e coas diferentes direccións.

No exercicio de adagio comprobarase que o alumno/a interiorizou o exercicio de temps lié e mantén a suxeición da posición e o eixo no traballo do promenade en retiré.

Nos exercicios de xiros criterio comprobarase que o alumno/a asimilou o equilibrio na pirueta e que executa os valeses con coordinación e fluidez.

Nos exercicios de saltos comprobarase que o alumno/a interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto e que coordina os movementos de brazos, cabeza e pernas nas combinacións propostas.

Nos exercicios de diagonal comprobarase a coordinación á hora de enlazar os xiros consecutivos, así como tamén o correcto emprego das cabezas.



## TÉCNICAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos

- Traballo teórico práctico das técnicas Release e Graham.
- Exercicios no chan de respiración e relaxación.
- Traballo de sensibilización do peso das distintas partes do corpo.
- Toma de conciencia da aliñamento do corpo e da postura no chan.
- Traballo da mobilidade da columna vertebral e de contracción do torso no chan.
- Traballo de contraccións do torso e da mobilidade da columna e de pé.
- Traballo das posicións do corpo e de transferencia de peso.
- Traballo de flexións, rotacións, extensións e apertura das diferentes partes do corpo.
- Traballo de secuencias de movemento simples da danza contemporánea no centro: balanceos, suspensións e equilibrios.
- Exercicios de desprazamento no espazo.
- Traballo de series de movementos en diferentes ritmos e enerxías de execución.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Traballo no chan de contracción/release, bounces, espirais, high release y tilt nas distintas posicións no chan.
- Traballo do pleading e do pitch no chan.
- Traballo de pernas no eixo en paralelo e en deors con, contraccións, hinge, espirais, pitch e torso en círculos.
- Traballo do equilibrio en ½ punta en arch.
- Traballo do flat back e tilt no eixo.
- Traballo de xiros en pé plano.
- Introducción as caídas, desprazamento no chan e pinchacarneiros de costas.
- Saltos con traballo de torso (redondo e lateral) e contraccións.
- Desprazamentos con distintos percorridos espaciais: Triplets sinxelos e con espirais, chassés.
- Xiros no chan e rodadas laterais.

- Camiñadas laterais no chan.
- Desprazamentos con cambios de eixo e desequilibrios.
- Exercicios de secuencias de movemento no chan.
- Exercicios de secuencias de movemento no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

### **Criterios de avaliación**

Realizar exercicios de relaxación e respiración.

*Con este exercicio preténdese observar que os alumno/as/as/as están concentrados na súa respiración e relaxan as distintas partes do corpo.*

Realizar exercicios para sentir a forza de gravidade dos brazos e das pernas.

*Trátase de comprobar a toma de conciencia do peso dos brazos e das pernas.*

Realizar exercicios para sentir o contacto de todo o corpo co chan.

*Observar se durante a evolución dos movementos o alumno/a garda todo o seu corpo en contacto co chan.*

Realizar exercicios de contraccións e flexibilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal no chan.

*Observar a amplitude do movemento, a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar exercicios de contraccións e flexibilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal de pé.

*Observar a amplitude do movemento, a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar os exercicios de flexións, rotacións, extensións, apertura, suspensións, balanceos e equilibrio no centro.

*Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento de maneira coordinada.*

Realizar exercicios de desprazamento no espazo.

*Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha correcta utilización do espazo.*

Realizar os exercicios de movementos con diferentes ritmos e enerxías .

*Observar se o alumno/a executa o exercicio co ritmo e a enerxía demandada.*

Realizar as series de momento memorizadas.

*Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar os exercicios no chan de contracción/release, bounces, espirais, high release, tilt, pleading e pitch nas distintas posicións no chan.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar o exercicios de pé no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixo e desequilibrio.

*Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas.*

Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan.

*Este criterio permite comprobar se o alumno/a ha comprendido e interiorizado e memorizado a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

## IMPROVISACIÓN

### Contidos

- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
- Mantemento e perfeccionamento dos elementos atopados.
- Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
- Traballo das variacións rítmicas e enerxéticas das frases coreográficas atopadas.
- Xogo coas posibilidades espaciais e rítmicas das frases coreográficas elaboradas.
- Traballo da dicotomía movemento – inmovilidade , rapidez - lentitude.
- Busca de novas combinacións a través do xogo coas oposicións e o análise das proposicións.

- Sensibilización á análise da peza musical elixida para interpretar.
- Aprendizaxe e aplicación das variacións do movemento necesarias para a composición coreográfica.
- Aprendizaxe e aplicación de técnicas de composición espacial.

### **Criterios de avaliación**

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas.

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Compoñer unha frase coreográfica.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturación, definición e perfeccionamento do material coreográfico atopado polo alumnado.*

Interpretar as frases coreográficas con ritmos e enerxías diferentes.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade musical e rítmica do alumnado.*

## **MÚSICA**

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### **Contidos**

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

Grafías contemporáneas. Claves

Periodo Clásico

Danzas típicas do período Clásico

Formas características do período Clásico

Compases dispares e de amalgama

Transporte

A música nos distintos períodos, compositores e formas. "as contas" na danza.

Modulación

Música vocal e Instrumental

### Criterios de avaliación

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Lectura Rítmica</li> <li>-Ritmos e Percusións</li> <li>-Interpretación Instrumental</li> </ul>	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Exercicios de Audición.</li> <li>-Recoñecemento Auditivo</li> <li>-Canciós</li> <li>-Entoación</li> <li>-Interpretación vocal</li> </ul>	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## ACONDICIONAMENTO FÍSICO

### Contidos

Realizarase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### Criterios de avaliación

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## DANZA GALEGA

### Contidos

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### Criterios de avaliación

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso ao 4º curso da especialidade de danza contemporánea

Para acceder ao 4º Curso das ensinanzas profesionais de danza contemporánea cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro, segundo e terceiro curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>4º GP DANZA CONTEMPORÁNEA</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>PORCENTAXE</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
DANZA CLÁSICA	45%	70 % da media ponderada das tres materias
TÉCNICAS DA DANZA CONTEMPORÁNEA	40%	
IMPROVISACIÓN	15 %	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		30 % da media aritmética que resulta das tres materias
DANZA GALEGA		
MÚSICA		

## DANZA CLÁSICA

### Contidos

Realizarase unha barra que inclúa os seguintes exercicios : (Soupplesse cara a barra en relevé, Developpé a relevé 45°, Petit battement serré)

Realizar un exercicio de tendus no centro (battement tendu en tournant)

Executar un exercicio de adagio no que se inclúan temp lies, developpés e pique ao arabesque a 45°

Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e en dedans, desde 4ª e desde 5ª posición.

Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (echappé, Petit sissonne combinado con assemblé)

Realizar no centro ou na diagonal algún exercicio sinxelo de grandes saltos (sissone).

### Criterios de avaliación

Nos exercicios da Barra: *valorarase que o alumno asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.*

No exercicio de tendus no centro *valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo.*

No exercicio de Adagio, *comprobarase que o alumno/a interiorizou o exercicio de temps lie, execución do developpé coa suxeición da posición no aire a 45°, a colocación do corpo, e suxeición da perna portante.*

Nos exercicios de Xiros: *comprobarase que o alumno/a asimilou o equilibrio na pirouette simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) e paso da cabeza. Valorarase nos valse que se incorporen ao exercicio o tempo musical, o emprego flexible e continuado do plié e a limpeza dos pés.*

Nos Pequenos e medianos saltos, *comprobarase que o alumno/a interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.*

Nos Grandes saltos *comprobarase a amplitude e elevación nos saltos, e o correcto traslado do corpo no aire.*

## TÉCNICAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos

- Achegamento teórico práctico á técnica Limón e Release.
- Traballo no chan do movemento sucesional da columna vertebral.
- Os rebotes e a rotación espiral da columna.
- Secuencias en paralelo e en dehors con corso e balanceos de plié, tendu, passé, jeté e rond de jambe.
- Traballo do torso paralelo ao chan.
- Series de “lunge”
- Equilibrios con e sen torso.
- Xiros sinxelos en paralelo.
- Desprazamento con series de torsos.
- Rebotes e saltos.
- Caídas dende o nivel medio.
- Secuencias de movemento que inclúan o traballo dos impulsos, a coordinación e a - enerxía no chan.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Secuencia en paralelo y en dehors con torso e balanceos de frappé , fondu, developpé e grand battement.
- O Hinge no chan.
- Equilibrios e xiros con e sen torso.
- Tombé en pitch coa perna en l’air en arabesque e attitude.
- Caídas dende nivel alto e dende o salto.
- Traballo da calidade e amplitude do movemento, utilización do espazo e precisión musical.
- Exercicios de secuencias de movemento no chan.
- Exercicios de secuencias de movemento no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.



## Criterios de avaliación

Realizar exercicios de mobilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal no chan e no centro.

*Observar a amplitude do movement, a coordinación a simetría e o aliñamento correcto.*

Realizar os exercicios suspensións, balanceos, equilibrios, xiros, rebotes, saltos e caídas.

*Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento co control do aliñamento, coordinación enerxía e o ritmo requirido.*

Realizar exercicios de desprazamento con series de torso.

*Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha coordinación correcta.*

Realizar as series de movemento memorizadas.

*Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixo e desequilibrio.

*Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas e se o alumno/a comprende e interiorizou a execución correcta dos distintos exercicios no chan.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación, así como a súa memorización.*

## IMPROVISACIÓN

### Contidos

- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
- Achegamento teórico-práctico ao traballo do espazo segundo Laban e as súas posibilidades como xerador de movemento.
- Achegamento teórico-práctico á escritura espacial.
- Aplicación dos principais modificadores do movemento.

- Creación de material coreográfico- xestual a partir da escritura espacial como xerador de movemento.
- Construción de frases coreográficas a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
- Traballo das variacións rítmicas e enerxéticas das frases coreográficas atopadas.
- Introdución á práctica da improvisación de contacto por parellas.
- Desenvolvemento da percepción, a retención visual, auditiva e cenestética.
- Traballo de liñas, manipulación e representación anatómica.
- Aplicación dos modificadores: rotación, reorientación, fragmentación, facer e desfacer, transparencias...
- Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización.
- Sensibilización ao control e a economía do esforzo.
- Traballo do uso de estados enerxéticos e dinámicos do movemento.
- Sensibilización á análise da peza musical elixida para interpretar.
- Aprendizaxe e aplicación das variacións do movemento necesarias para a composición coreográfica.
- Aprendizaxe e aplicación de técnicas de composición espacial.

### **Criterios de avaliación**

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Explorar o espazo segundo os fundamentos de Laban

*Este criterio pretende comprobar a súa capacidade de se integrar no espazo.*

Compoñer frases coreográficas a partir do traballo de escritura espacial e os modificadores do movemento xerado.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturar, definir e perfeccionar unha frase de movemento -a partir das relacións espaciais e os modificadores de movemento-, así como de repetila.*

Interpretar as frases coreográficas con ritmos e enerxías demandadas

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade musical e rítmica do alumnado.*

Compoñer frases coreográficas co traballo de liñas, a manipulación, a representación anatómica e a aplicación dos modificadores do movemento

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturar, definir, perfeccionar e repetir, as frases de movemento, a través dos xeradores de movemento e os modificadores estudados.*

Interpretar as frases coreográficas coa calidade de movemento, a enerxía e a dinámica demandada

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade do alumno para executar un mesmo material coreográfico con distintas calidades, así como para facer unha economía de enerxía co máximo rendemento de execución e o conseguinte aumento da calidade de interpretación.*

Compoñer espacial e musicalmente o material coreográfico encontrado mediante improvisación *Preténdese comprobar a capacidades composición espaciais e o desenvolvemento da sensibilidade dos elementos rítmicos, melódicos, frases e acentos musicais e a súa expresión, así como a idea xeral.*

Improvisar en parella utilizando as ferramentas básicas da danza de contacto.

*Con este criterio preténdese comprobar a creatividade do alumno conxuntamente cos outros alumnos/as, capacidade de escoita, iniciativa e adaptabilidade a parella.*

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### Contidos

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

Práctica do repertorio vocal

Periodo Romántico

Danzas típicas do período Romántico

Formas características do período Romántico

Relación entre as contas do bailarín ou bailarina e os tempos musicais.

Utilización da percusión corporal e os instrumentos escolares para acompañar ao movemento e a danza

A música doutras culturas. Música e medios audiovisuais

### **Crterios de avaliación**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Cancións -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizárase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Crterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### Criterios de avaliación

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso a 5º curso da especialidade de Danza Contemporánea

Para acceder ao 5º Curso das ensinanzas profesionais de danza clásica cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro, segundo, terceiro e cuarto curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>5º GP DANZA CONTEMPORÁNEA</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>PORCENTAJE</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
DANZA CLÁSICA	37 %	70 % da media ponderada das tres materias
TÉCNICAS DA DANZA CONTEMPORÁNEA	50 %	
IMPROVISACIÓN	13 %	30 % da media aritmética que resulta das tres materias
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		
DANZA GALEGA		
MÚSICA		

## DANZA CLÁSICA

### Contidos

- Realizar un exercicio de barra no que se incluan: ½ promenade en attitude derrière en dedans, Xiro en coupé, Piqué ao arabesque a 45°, Relevés seguidos en coupe, Doble rond de jambe en l'air a pé plano (baixiño, para a rapidez do pé), ½ promenade en attitude devant en dedans.
- Realizar un exercicio de tendus. Battement tendu en tournant.
- Executar un exercicio de adagio. Temp liés, développés e ½ promenade en attitude e arabesque Comprobar que o alumno/a progresou na execución dos temp liés e développés, con un control mínimo do relevé a unha perna. Terá que executar medio promenade en attitude e arabesque.
- Executar algún exercicio de xiros que inclúan dobres piruetas en dehors e en dedans.
- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (royal, entrechat quatre, assemblé)
- Realizar no centro un exercicio de grandes saltos (sissone failli assemblé, glissade temp levé).

### Criterios de avaliación

- Nos exercicios da barra: valorarase que o alumno asimilou e interiorizou, coa colocación e coordinación necesarias os exercicios.
- No exercicio de tendus no centro valorarase a correcta realización dos battement tendu en tournant en dehors e en dedans, sen descolocar o eixo
- No exercicio de adagio valorarase que o alumno executa os temp liés e développés, con un control mínimo do relevé a unha perna. Terá que executar medio promenade en attitude e arabesque
- Nos xiros comprobarase que coñecen a técnica dos dobres xiros e que executan correctamente o xiro simple.
- Nos pequenos e medianos saltos comprobarase o traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso)
- Nos grandes saltos: Comprobarase a amplitude e elevación nos saltos.

## TÉCNICAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos

- Afianzamento teórico – práctico das técnicas Release e Limón
- A dispoñibilidade corporal.
- O movemento articular.
- Os apoios, os impulsos e as suspensións no chan.
- Traballo de caídas.
- Secuencias de movemento que inclúan traballo dos impulsos, a coordinación e a enerxía no chan.
- Secuencias en paralelo e *en dehors* con suspensións e balanceos de *plié, tendu, passé, jeté* e *rond de jambe*.
- Equilibrios e xiros con e sen torso.
- Desprazamento con series de torso.
- Rebotes e saltos.
- Exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixe e desequilibrio.
- Secuencia en paralelo e *en dehors* con torso e balanceos que inclúan *frappé, fondu, développé* e *grand battement*.
- O *hinge* e o *pitch*.
- Voltas sobre un ombro seguido de outro.
- Saltos desprazados unidos a caídas
- Exercicios de secuencias de movemento no eixe, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

### Criterios de avaliación

Realizar exercicios de dispoñibilidade corporal e movemento articular no chan

*Observar a coordinación e o aliñamento correcto.*

Realizar as secuencias de movemento no chan que inclúan caídas.

*Observar os impulsos, a coordinación e a correcta utilización da enerxía.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixe e desequilibrio

*Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno coas distintas técnicas traballadas.*

Realizar os exercicios suspensións, balanceos, equilibrios, xiros, rebotes, saltos e caídas.

*Observar se o alumno executa as secuencias de movemento co control do aliñamento, coordinación enerxía e o ritmo requirido.*

Realizar exercicios de desprazamento con series de torso.

*Observar se o alumno executa os exercicios cunha coordinación correcta.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixe, de xiros, saltos desprazamento no espazo.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno sobre os fundamentos traballados tales como a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

- Interpretar unha secuencia dunha coreografía do curso.

*Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno, a integración dos aspectos técnicos do movemento nunha coreografía, a musicalidade e a utilización do espazo.*

## IMPROVISACIÓN

### Contidos

- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
- Afondamento no traballo do espazo segundo Laban e as súas posibilidades como xerador e modificador de movemento.
- Traballo da escritura espacial, reorientación, fragmentación, compresión, amplificación espacial e temporal.
- Afondamento na aplicación dos principais modificadores do movemento.
- Creación de material coreográfico- xestual a partir da escritura espacial, reorientación, fragmentación, compresión, amplificación espacial e temporal como xeradores de movemento.



- Construción de frases coreográficas a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
- Afondamento no traballo das variacións rítmicas e enerxéticas das frases coreográficas atopadas.
- Traballo de liñas, manipulación, representación anatómica, contacto -presión, isometrías, e aplicación dos modificadores (rotación, reorientación, fragmentación, facer e desfacer, transparencias, modificación adxectivo, colapso, caída de puntos, repeticións, espazo negativo, espello, conxelación).
- Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización.
- Traballo do uso de estados enerxéticos e dinámicos do movemento.
- Sensibilización á análise da peza musical elixida para interpretar.
- Aprendizaxe e aplicación das variacións do movemento necesarias para a composición coreográfica.
- Aprendizaxe e aplicación de técnicas de composición espacial.
- Práctica da improvisación de contacto.

### **Criterios de avaliación**

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas.

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Compoñer frases coreográficas a partir do traballo do espazo segundo Laban

*Este criterio pretende comprobar a súa capacidade de se integrar no espazo, así como de enriquecer as súas posibilidades interpretativas en relación con el.*

Compoñer frases coreográficas a partir do traballo de escritura espacial: reorientación, fragmentación, compresión, amplificación espacial e temporal, e os modificadores do movemento xerado.

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturar, definir, perfeccionar e modificar unha frase de movemento -a partir do traballo de escritura espacial-, así como de repetila.*

Interpretar as frases coreográficas con ritmos e enerxías demandadas.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade musical e rítmica do alumnado. Compoñer frases coreográficas co traballo de liñas, a manipulación, a representación anatómica e a aplicación dos modificadores do movemento.*

*Este criterio pretende comprobar a capacidade de estruturar, definir, perfeccionar e repetir, as frases de movemento, a través dos xeradores de movemento e os modificadores estudados.*

Interpretar as frases coreográficas coa calidade de movemento, a enerxía e a dinámica demandada.

*Con este criterio preténdese valorar a sensibilidade do alumno para executar un mesmo material coreográfico con distintas calidades, así como para facer unha economía de enerxía co máximo rendemento de execución e o conseguinte aumento da calidade de interpretación.*

-Compoñer espacial e musicalmente o material coreográfico encontrado mediante improvisación

*Preténdese comprobar a capacidades composición espaciais e o desenvolvemento da sensibilidade dos elementos rítmicos, melódicos, frases e acentos musicais e a súa expresión, así como a idea xeral.*

Improvisar en parella con danza de contacto.

*Con este criterio preténdese comprobar a creatividade do alumno conxuntamente cos outros alumnos/as, capacidade de escoita, iniciativa e adaptabilidade a parella.*

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación.
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

## Contidos

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

- A música con instrumentos musicais e con obxectos cotiás.
- Práctica do repertorio vocal.

- Utilización da percusión corporal para acompañar movementos, cantos e danzas.
- Práctica de exercicios auditivos.
- A música e os compositores galegos.
- Análise de partituras.
- Exercicios de danza e as súas músicas
- Análise das músicas para as distintas danzas.

### **Criterios de avaliación**

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Canciós -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizárase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## **DANZA GALEGA**

### **Contidos**

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### **Criterios de avaliación:**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## Acceso ao 6º curso da especialidade de danza contemporánea

Para acceder ao 6º Curso das ensinanzas profesionais de danza contemporánea cumprirá superar una proba específica de acceso, que englobe os contidos da programación de todas as materias de primeiro, segundo, terceiro, cuarto e quinto curso de grao profesional. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e cumprirá una avaliación mínima de cinco puntos en cada parte para superala.

A puntuación definitiva da citada proba será a media ponderada da avaliación obtida nas probas das diferentes materias. A ponderación seguirá as seguintes porcentaxes:

<b>6º GP DANZA CONTEMPORÁNEA</b>		
<b>MATERIA</b>	<b>PORCENTAX E</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
DANZA CLÁSICA	33%	70 % da media ponderada das tres materias
TÉCNICAS DA DANZA CONTEMPORÁNEA	55%	
IMPROVISACIÓN	12%	
ACONDICIONAMENTO FÍSICO		30 % da media aritmética que resulta das seis materias
DANZA GALEGA		
NUTRICIÓN/INTEPRETACIÓN/COREOGRAFÍA/ DIDÁCTICA/OBRADOIRO DANZA GALEGA (a escoller unha)		
MÚSICA		
HISTORIA DA DANZA		
ANATOMÍA APLICADA Á DANZA		

## DANZA CLÁSICA

### CONTIDOS

- Exercicios na barra que inclúa cando menos: Souplesse circular en dehors e en dedans a pé plano (8t c/u), fondu simple e dobre a relevé (4t), battement frappé subindo e baixando do relevé (2t), Fouetté por piqué en dedans en l'air a 45° (4t), Flic - flac en dehors y en dedans (4t)
- No centro marcarase un exercicio de adagio que inclua: Developpé en arabesque a 45° rematado en relevé (desde pé plano, sen plié), Temps lié en l'air a 45° con cambios por relevé, Promenade en attitude en dehors, devant e/ou derrière.
- Un exercicio de tendus que inclua: Tendus en tournant ao croisé ou efface e ao écarté combinados diante e atrás e Xiros continuados en 5ª (4)
- Un exercicio de vals que inclua: Piruetas simples e dobres en dehors e en dedans en 4ª Pirouette en attitude devant en dedans, Valses combinados e xirado.
- Pequenos, medianos e batería; realizarase un ou dos exercicios, incluírán Assemblé double en dehors e en dedans, Entrechat cinq e entrechat quatre.
- Un exercicio de grandes Saltos que inclúa Fouetté sauté en dedans, Gran jeté en avant combinado con tombé pas de bourré Assemblé en tournant
- Un exercicio na diagonal que inclúa : Emboité piqué Piqué en dedans Deboulés

### Criterios de avaliación:

Nos exercicios da barra comprobarase que o/a alumn@ realiza os exercicios coa colocación e coordinación requeridas neste nivel.

No exercicio de Adagio comprobarase que o alumno/a realiza os temp liés e developpés, acadando a extensión das pernas e o control do relevé a unha perna requerido neste nivel e que o promenade en attitude o realiza cunha boa aliñamento do corpo. Valorarase que o exercicio se realicen de forma ligada.

No exercicio de Tendus comprobarase que o/a alumn@ realiza os tendus e os xiros continuados sen descolocar o eixo e cos épaulements correspondentes ademais do enfoque e dinámica axeitada da cabeza.

No exercicio de vals valorarase a coordinación dos movementos nas dobres piruetas en dehors e en dedans e o control do final do xiro nas posicións esixidas. Tamén se valorará o control do corpo e a dinámica da cabeza nos xiros en grandes posicións. Así mesmo, comprobarase que o alumno/a/a realiza os valeses con fluidez e flexibilidade.

No exercicio de saltos comprobaráanse os seguintes aspectos na execución do salto: O traballo do plié (elasticidade e suxeición da baixada e empurre para o impulso); a coordinación, acentos musicais e musculares, así como a forza e elasticidade dos pés; a elevación da pelve e suxeición do torso.

Nos grandes saltos comprobaráse a amplitude e elevación dos saltos, así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.

## TÉCNICAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

### Contidos:

- Achegamento teórico- práctico á técnica Cunningham.
- Introducción na percepción do corpo-mente.
- Traballo e potenciación do centro corporal.
- A relación co chan: investigación das súas posibilidades.
- A relación co espazo: investigación das súas posibilidades.
- Secuencias de movemento que inclúan o traballo de investigación da relación do corpo no chan (enerxías, pesos, ritmos, caídas, etc).
- Secuencias en paralelo e en dehors (pliés, tendues, jettés, retirés, rond de jambe) con suspensións, balanceos e unha precisa relación entre tensión-relaxación, utilizando os diferentes puntos no espazo.
- Traballo específico do equilibrio e a estabilidade.
- Memorización progresiva de series de movemento.
- Secuencias en paralelo e en dehors (frappé , fondu, developpé e grand battement) afondando no equilibrio e na extensión das pernas.
- Secuencias de movemento no chan e de pé.
- Traballo en desprazamento, saltos e caídas.
- Interpretación de fragmentos de pezas do repertorio de Merce Cunningham, Jiri Kylian e/ou Nacho Duato.

### **Criterios de avaliación:**

Realizar exercicios baseados na percepción e conexión do corpo coa mente

*Observar o nivel de atención sostida e a madurez do movemento.*

Realizar exercicios específicos para potenciar e tomar conciencia do centro corporal.

*Observar o equilibrio, a estabilidade e manexo das diferentes enerxías no movemento.*

Realizar as secuencias de movemento no chan.

*Observar a integración do corpo no chan, a madureza e a riqueza de movementos asimilados no proceso de investigación.*

Realizar as secuencias verticais (tendus, jettés, pliés, rond de jambe, etc) con suspensións, balanceos e unha precisa relación entre tensión-relaxación, variando os diferentes puntos no espazo.

*Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento con madurez, estabilidade e axilidade mental e corporal, así como a asimilación precisa dos conceptos técnicos.*

Realizar as series de movemento memorizadas.

*Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.*

Realizar exercicios teórico-prácticos da técnica Cunningham.

*Observar a asimilación dos conceptos fundamentais da técnica e a súa execución.*

Realizar os exercicios de desprazamento no chan.

*Este criterio permite observar a evolución no espazo do alumno/a coas distintas técnicas traballadas e co traballo de investigación específico.*

Realizar exercicios de equilibrio con elevación e extensión de pernas.

*Observar o nivel de estabilidade e o equilibrio constante.*

Realizar os exercicios de pé con desprazamentos, saltos e caídas.

*Observar a asimilación das dinámicas, os pesos e un favorable aliñamento corporal.*

Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan.

*Este criterio permite observar se o alumno/a ten integrado os contidos propios da materia no seu movemento.*

Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé.

*Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.*

Interpretar un fragmento do repertorio de Merce Cunningham, Jiri Kylian e/ou Nacho Duato.

*Este criterio permite comprobar a capacidade artística do alumnado para interpretar unha obra do repertorio contemporáneo.*

## **IMPROVISACIÓN**

### **Contidos**

- Práctica da improvisación libre e individual sobre unhas pautas de movemento.
- Principais modificadores do movemento e a súa aplicación.
- Creación e toma de conciencia da linguaxe corporal de diferentes emocións ou estados psico-enerxéticos.
- Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados.
- Modificación e investigación das frases coreográficas mediante os diferentes recursos adquiridos.
- Traballo nos planos do espazo.
- Traballo con elementos externos e con diferentes límites do espazo como indutores do movemento.
- Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización.
- Aplicación de técnicas de composición espacial.

### **Criterios de avaliación**

Improvisar individualmente a partir dunhas pautas marcadas

*Preténdese comprobar o desenvolvemento creativo, a expresión artística e a sensibilidade musical do alumnado.*

Principais modificadores do movemento e a súa aplicación.



*Con este criterio preténdese amosar as posibilidades e os recursos para xerar e modificar estruturas coreográficas.*

Creación e toma de conciencia da linguaxe corporal de diferentes emocións ou estados psico- enerxéticos

*Este criterio permite comprobar o nivel de percepción e o poder de expresión e transmisión do alumno mediante as súas creacións.*

Construción dunha pequena frase coreográfica a través da estruturación e o perfeccionamento dos movementos elaborados

*Con este criterio preténdese amosar a capacidade de estruturación e concreción para transformar a improvisación en composición.*

Modificación e investigación das frases coreográficas mediante os diferentes recursos adquiridos

*Este criterio permite abrir as posibilidades do movemento e os recursos coreográficos, así como acadar un equilibrio entre a liberdade e a concreción na creatividade.*

Traballo nos planos do espazo.

*Preténdese observar o coñecemento e a integridade do alumno no.*

Investigación do movemento individual en base a diferentes conceptos.

*Con este criterio preténdese amosar o desenvolvemento da liberdade e potencial creativo dentro de diferentes pautas ou limitadores conceptuais.*

Traballo con elementos externos e con diferentes límites do espazo como indutores de movemento.

*Preténdese observar a versatilidade , receptividade e seguridade do alumno con novos elementos e espazos.*

Traballo da calidade de movemento e a súa interiorización.

*Mediante este criterio comprobamos o nivel acadado no traballo de perfeccionamento do movemento e a capacidade de interiorización do alumno.*

## **ACONDICIONAMENTO FÍSICO**

### **Contidos**

Realizárase unha proba consistente na explicación oral e con exemplos de como traballar os diferentes grupos musculares.

### **Criterios de avaliación:**

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado como traballar as diferentes partes do corpo.

## DANZA GALEGA

### Contidos:

A proba consistirá na realización dunha danza galega, xota ou muiñeira, libremente elixida polo aspirante.

### Criterios de avaliación:

O tribunal valorará se o aspirante ten interiorizado o estilo e o ritmo da danza elixida.

## MÚSICA

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha avaliación mínima de 5 puntos para superala.

### Contidos:

Ademáis dos contidos dos cursos pasados serán:

- 🕒 A música con instrumentos musicais e con obxectos cotiás.
- 🕒 Práctica do repertorio vocal
- 🕒 Utilización da percusión corporal para acompañar movementos, cantos e danzas.
- 🕒 Práctica de exercicios auditivos.
- 🕒 A música e os compositores galegos.
- 🕒 Análise de partituras.
- 🕒 Exercicios de danza e as súas músicas
- 🕒 Análise das músicas para as distintas danzas.

### Criterios de avaliación:

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Canciós -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## HISTORIA DA DANZA

### Contidos

O tribunal propondrá dous dos seguintes temas e o aspirante elixirá un para desenvolver:

- 1 A danza no século das luces: Jean Georges Noverre e o ballet de acción. Contextualización.  
*Ballet a Fille mal gardée*
- 2 A danza no século XIX: O Ballet Romántico. Características e principais ballets.
- 3 Marius Petipa e o Ballet académico en Rusia. Características e ballets máis representativos.
- 4 Século XX: Os ballets Russes de Serge Diaguilev. Coreógrafos, bailaríns e ballets máis destacados.

### Criterios de Avaliación

Ubicar as principais personalidades dancísticas na súa época correspondente. Identificar aos creadores, os transmisores e os intérpretes ata principios de século XX.

*Con este criterio preténdese comprobar que o alumno asimilou os conceptos relativos a evolución histórica da danza e a súa relación coas demais artes e que coñece as principais personalidades da época e o seu legado.*

## ANATOMÍA APLICADA Á DANZA

### Contidos

- As xeneralidades anatómicas. Os planos anatómicos. Os eixos de movemento. Os termos de relación e posición. Os tecidos corporais.
- A osteoloxía: A introdución. O esqueleto humano. A configuración externa dos osos. A configuración interna dos osos. A vascularización, a inervación e as funcións dos osos.
- A artroloxía: A introdución. A clasificación. Os compoñentes articulares. Os factores que limitan a mobilidade. Os factores de coaptación.
- A mioloxía: A introdución. As características. A clasificación. As insercións. A funcionalidade. A postura e a dinámica. O tecido conxuntivo. A biomecánica.
- A neuroloxía: A introdución. O sistema nervioso. A sinápsis. Os tipos de fibras. Os receptores. A clasificación funcional.
- A columna vertebral: A introdución. O disco vertebral. O aparato ligamentoso. A función vertebral.
- A caixa torácica: as articulacións do tórax.
- A cintura pélvica: As xeneralidades. As articulacións e os medios de unión. A articulación sacro-ilíaca. A sínfisis púbica. A articulación sacrococcíxea. A estática do cinto pélvico. A dinámica do cinto pélvico.
- A cadeira: A cinemática e os rangos de mobilidade. Os músculos. A cinética e o aparato motor.
- Os xeonllos: O eixo de mobilidade. A arquitectura. As superficies óseas . As superficies articulares. As articulacións. Os medios de unión. A estática do xeonllo. A cinemática. A cinética e o aparato motor.
- O sistema cardiovascular, a súa participación e adaptación ao exercicio físico de diversas intensidades. Os movementos respiratorios. A coordinación da respiración co movemento corporal.

### **Criterios de Avaliación:**

Coñecer os elementos que configuran a nosa anatomía, a través do seu recoñecemento práctico.

*Con este criterio preténdese valorar o coñecemento que posúe o alumnado acerca dos ósos, as articulacións, os tendóns e os músculos.*

Saber os principios anatómicos, biomecánicos e fisiolóxicos que rexen o movemento, así como a súa utilización na danza.

*Este criterio permite valorar o coñecemento que posúen os alumno/as/as/as e as alumnas dos principios da anatomía, a fisioloxía e a biomecánica, así como a súa capacidade de relacionalos dunha maneira práctica coa danza.*

Coñecer os graos de mobilidade do pescozo, o tronco e a pelve.

*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus graos de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*

Explicar a función que desempeña o aparato respiratorio no corpo humano como instrumento de expresión e os beneficios dunha boa utilización do mesmo na práctica da danza.

*Con este criterio comprobarase que o alumno/a ou a alumna asimilou a importancia do aparato respiratorio na práctica da danza.*

Saber os graos de mobilidade da cadeira e dos xeonllos.

*Con este criterio trátase de comprobar se o alumnado coñece a función, os seus graos de movemento e a colocación correcta de cada unha das articulacións estudadas.*

Explicar os requirimentos cardiovasculares, respiratorios e as diversas cualidades físicas (flexo-elasticidade, forza e coordinación).

*Con este criterio preténdese comprobar se o alumno/a ou a alumna asimilou cada un dos aspectos que tipifican o traballo físico identificando estes aspectos na práctica da danza.*

Xustificar documentalmente os beneficios físicos e mentais que proporciona a práctica regular da danza.

*Con este criterio valorarase , dunha parte o coñecemento adquirido polo alumno/a ou pola alumna sobre os efectos beneficiosos derivados da práctica da danza, e doutra parte, a súa capacidade de comprender, recompilar, organizar e analizar a información sobre a transcendencia social de ditos beneficios*

## INTERPRETACIÓN

### Contidos

- Adestramento da capacidade de memoria, de observación e de escoita.
- Desenvolvemento e control da enerxía a través de técnicas de relaxación.
- Estudo da linguaxe corporal como vehículo para expresar as emocións.
- Desenvolvemento e a potenciación da imaxinación e a creatividade.
- Desenvolvemento da capacidade de desinhibición.
- Estudo de diferentes técnicas teatrais e a súa aplicación na escena: a interpretación xestual, con obxectos e musical.
- A práctica de exercicios e xogos, individuais e grupais, aplicados aos personaxes que se representan.
- A análise física e psicolóxica do personaxe para descubrir as analogías e as diferenzas no/a intérprete e poder abordalo dentro da época e do estilo da obra pero respectando a personalidade do bailarín e bailarina
- A percepción visual.
- O movemento e a expresividade da cabeza.
- A mobilidade e a expresión do rostro. A máscara facial.
- A percepción táctil: o obxecto como desencadenamento da expresión.
- O estudo das técnicas básicas integradas no feito escénico como a maquillaxe, a iluminación, a escenografía, a indumentaria...

### Criterios de Avaliación

Elaborar diferentes traballos artísticos dentro dunha obra coreográfica marcados polo profesorado no momento.

*Con este criterio preténdese valorar: a capacidade de resposta interpretativa e o grao técnico acadado; a integración por parte da técnica teatral coa da danza, así como da súa personalidade na proposta; a súa capacidade para memorizar e reproducir, desde a súa personalidade creadora, formas de conduta de diferentes épocas; o emprego da imaxinación, da creatividade e da súa capacidade para evocar sensacións e imaxes; o seu*

*dominio do espazo e do ritmo; o seu emprego da enerxía, da capacidade de autocontrol e o uso correcto das técnicas integradas na escena.*

Realizar os exercicios, as improvisacións e os xogos teatrais, individuais e grupais.

*Este criterio permite valorar a asimilación por parte do alumnado da técnica artística e o seu emprego na escena e personaxe que se vai interpretar.*

Efectuar traballos propostos polo alumnado sobre coreografías concretas que reúnan a técnica da danza e a artística.

*Este criterio pretende valorar: a imaxinación e a creatividade do alumnado; a súa capacidade de organización, de observación e de memoria; a súa capacidade para confrontar a formación da súa disciplina artística con espectadores eventuais, adecuándose eficazmente; e a súa capacidade de transmitir ao espectador.*

Realizar exercicios teórico – prácticos que inclúan a explicación e coñecemento dos exercicios que componen a clase

*Coñecer e identificar a finalidade de cada un dos exercicios que compoñen a clase.*

## COMPOSICIÓN COREOGRÁFICA

### Contidos

- Estudo das distintas fases no proceso de creación coreográfica, coñecemento e aplicación de ferramentas de composición coreográfica.
- Estudo dos elementos que caracterizan e definen a obra coreográfica.
- Identificación e descrición dos elementos dunha coreografía.
- Introducción ás ferramentas software para a edición de arquivos de audio e vídeo.
- Estudo do vocabulario corporal e xestual.
- Estudo de técnicas audiovisuais básicas.
- Estudo e interpretación de extractos de coreografías de diferentes épocas, estilos, tendencias e autores/as.
- Realización e execución de composicións coreográficas.
- Estudo da lexislación vixente en materia de autoría.

### **Criterios de Avaliación**

Interpretar unha composición coreográfica propia, na que o alumnado integre algunha das técnicas audiovisuais ou artísticas estudadas.

*Con este criterio preténdese valorar a capacidade de comunicación do alumnado para a transmisión das súas ideas e emocións e comprobar que o alumnado asimilou a interrelación da composición coreográfica coas outras artes e medios audiovisuais.*

Definir o concepto de autoría segundo a lexislación vixente e reflexionar sobre as implicacións que derivan do exercicio da súa función.

*Con este criterio valórase a capacidade do alumnado para asumir o seu papel como creador e a súa capacidade de comprender o concepto de propiedade intelectual.*

## **NUTRICIÓN**

### **Contidos**

- As necesidades nutricionais do organismo humano.
- A introdución á dietética (os nutrientes, os alimentos, a nutrición en estados especiais).
- A enerxía e as súas unidades.
- A táboa de composición de alimentos.
- Os grupos de alimentos
- Os nutrientes, os alimentos, a nutrición en estados especiais.
- Os grupos de alimentos.
- As técnicas de alimentación.
- Os patróns alimentarios na idade escolar.
- A adquisición de hábitos alimentarios saudables



- A elaboración dunha dieta nos distintos estadios do bailarín e bailarina.
- As características xerais nos trastornos de conduta alimentaria.
- Os cambios fisiolóxicos e as modificacións alimentarias na adolescencia.
- As necesidades enerxéticas do bailarín e bailarina.
- As medidas do gasto enerxético (mínimo e total).

### **Criterios de Avaliación**

Explicar a relación entre nutrición axeitada e rendemento físico axeitado e identificar as costumes nutricionais que conducen á malnutrición.

*Este criterio avalía a comprensión adquirida sobre os nutrientes enerxéticos e non enerxéticos, a hidratación e a súa distribución nunha dieta sana axeitada á intensidade do exercicio físico realizado, que evite as carencias e os excesos que conducen á enfermidade.*

Expoñer razoadamente un hábito ou comportamento nutricional que mellore o rendemento físico e artístico e deba ser practicado para prever os posibles trastornos alimentarios.

*Con este criterio preténdese valorar se o alumno ou a alumna adquiriu o risco que leva consigo unha mala práctica nutricional.*

Elaborar unha dieta sobre estadios do bailarín e bailarina proposto polo profesor.

*Con este criterio valorarase que o alumno ou a alumna asimilou as necesidades nutricionais do bailarín e bailarina, tendo en conta as distintas etapas. Así como tamén, que coñecen as táboas de composición de alimentos e os seus distintos grupos.*

## **OBRADOIRO DANZA GALEGA**

### **Contidos**

- Análise e fusión dos recursos compositivos espaciais contemporáneos e tradicionais
- Construción de frases de movemento fusionando os estilos aprendidos.

### **Criterios de Avaliación**

Crear frases coreográficas integrando os recursos compositivos contemporáneos e tradicionais a

nivel textual e espacial .

*Con este criterio observarase se o alumnado ten asimiladas as bases compositivas das dúas especialidades de danza e integrada a súa fusión.*

## **DIDÁCTICA**

### **Contidos**

-O profesor de danza. O papel e as formas de actuación do profesor. Análise do grupo. Modelos de aprendizaxe do alumnado. A relación entre o profesor e o alumnado: os elementos para unha aprendizaxe significativa. Os valores educativos. Os beneficios educativos e sociais da práctica da danza. Os factores psicolóxicos no ensino da danza. Obxectivos e logros psicolóxicos. A aprendizaxe motora. As súas características e as estratexias para a súa mellora.

### **Criterios de Avaliación**

Realizar unha proba teórica que consistirá en catro preguntas cortas nas que se terá en conta:

-O/a aspirante coñece e sabe aplicar as técnicas de interacción existentes na aula de danza, tendo en conta o carácter do grupo, o ritmo da clase e os distintos factores sociais e ambientais que poidan influír no desenvolvemento da sesión.

-O/a aspirante *asimilou os conceptos pedagóxicos e didácticos necesarios para a correcta planificación dunha clase de danza.*

-O/a aspirante *coñece os métodos e as técnicas de ensino da danza e sabe elixir as máis axeitadas para dirixir a aprendizaxe.*